

LIBERAIS E INTERVENCIONISTAS PUROS, BRANDOS, DUROS... EN EUROPA E O MUNDO

[Entrevistas a Jospin, Blair e outros importantes líderes europeos:
políticos, economistas, empresarios e científicos sociais.
Breves recensións de liberais e interventionistas]

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ¹

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 5 febreiro 1997

Aceptado: 3 abril 1998

INTRODUCCIÓN

En Francia, o Partido Socialista Francés (PSF), liderado por Lionel Jospin —que foi ministro de Educación en gobernos socialistas baixo a presidencia de Mitterrand—, en alianza cos ecoloxistas e co Partido Comunista Francés (PCF), gañaba as eleccións lexislativas de primeiros de xuño de 1997, despois da sorprendente disolución anticipada do Parlamento, decretada polo presidente Chirac. Jospin, como veremos nos documentos, critica duramente a heranza do mitterrandismo no relativo á moral, á corrupción, que se converteu nun dos caballos de batalla dos organismos económicos, xudiciais, políticos... internacionais. Incluso se creou unha ONG, chamada Transparencia Internacional, imitando a Amnistía Internacional, para denunciar, para loitar internacionalmente contra a corrupción.

A maioría de centro dereita, cando Chirac convocou as eleccións parlamentarias, tiña 2/3 da Asemblea Nacional francesa.

En Inglaterra, o Novo Laborismo de Tony Blair, un mes antes, o primeiro de maio do 97, gañou por maioría absoluta, cunha victoria esmagadora, ós conservadores liderados por Major, que levaban 18 anos no Goberno.

Jospin ofreceu, en campaña electoral, limita-las privatizacións previstas de Air France, France Télécom... (Francia, como Alemaña, a comezos de 1997 e antes, aumentara alarmantemente as súas cifras de paro, non cumplía cos criterios de Maastricht, tiña un crecemento económico pequeno...), anula-la nova lei de inmigración, crear 700.000 empregos para os xoves dende o Estado, pór en marcha, canto antes, a semana de 35 horas sen perda de salarios...

Unha parte destas promesas, ós tres meses de estar no poder, como as relativas ás privatizacións, a lei de inmigración, non foron cumplidas por Jospin, tal e como as anunciara na campaña electoral. Ante os reproches da oposición e dos medios

¹ Autor da traducción, introducción, títulos, comentarios, cursivas, notas e bibliografía destes documentos.

de comunicación, François Hollande, un dos principais dirixentes do PSF, a principios de setembro do 97 declaraba: "*Nós non imos actuar como monxes escribáns, relendo continuamente as declaracóns feitas durante a campaña (electoral)*".

Jospin, no nadal de 1997-98 tivo que fazer fronte a unha forte mobilización dos parados, que ocuparon as sedes públicas nas que se conceden as axudas ós parados (UNEDIC, ASEDIC, os INEM franceses) e outras institucións, fixeron folgas da fame, grandes concentracións, "autoinvitáronse" en restaurantes e hoteis de luxo... Estas accións dos parados provocaron as primeiras discrepancias na maioría gobernamental e parlamentaria de Jospin, pois os comunistas e ecoloxistas apoian estas mobilizacións, ó igual cá central sindical maioritaria CGT de inspiración comunista.

Blair chegou ó poder cun equipo asesor de máxima confianza, formado por expertos en comunicación (verdadeiros "spin doctors") e noutras campos (economistas, sociólogos...), que prepararon, xunto a el, as eleccións cunha gran minuciosidade.

Blair impúxose nas eleccións, dándolle a volta ó que ata agora fora a política laborista inglesa. Xunto a este grupo reducido de expertos e asesores (Mandelson —"minister for meddling", "Secretario de Estado para todo"—; Giddens, director da London School of Economics, e outros profesores e investigadores desta prestixiosa institución; o grupo DEMOS de estudio das funcións do Estado, etc.) controla totalmente o Goberno da nación, incluídos os ministros. Blair nomeou un asesor e creou un grupo de estudio para potencia-la música popular inglesa, a música pop, que é un dos sectores económicos que lle achega máis divisas a Gran Bretaña... Tamén se preocupa polo deseño, pola moda (St. Martin School's, etc.).

Blair cambioulle o nome ó seu partido; púxolle o de New Labour (Novo Laborismo), para rexeita-la moi negativa heranza anterior. Situouno no que denominaron o *centro radical*, recoñeceu boa parte do legado da revolución conservadora e liberal de Margaret Thatcher, enfrontouse á ala esquerda e sindical do seu partido e baseou, está baseando a súa política no que se podería definir como un *capitalismo liberal-competitivo con criterios sociais, unha economía de mercado aberta e comprometida social e internacionalmente*, que trata de abrir novos camiños, innovar política, económica e socialmente.

Blair está controlando enerxicamente o gasto público. Ás empresas públicas privatizadas asignoulles un imposto para fomenta-lo emprego e un mediador independente para garanti-la calidade do servizo.

Para Blair, o Estado debe facer posible a plena integración laboral e educativa (*cunha educación de calidade que o faga posible*), a atención sanitaria e social; debe garanti-la saúde, a seguridade cidadá..., e todo iso para acabar co parasitismo social, coas lacras, cos efectos perversos dun benestar inxusto, corporativo² e mal

² N.T.: Sobre o nefasto papel dos novos corporativismos, véxase o ensaio premiado en Canadá en 1997 de J. Ralston Saul (1998): *La civilización inconsciente*. Anagrama.

entendido que xera e mantén altas cotas de paro, de precariedade, de pobreza, de selección/discriminación social, educativa... ocultas; altas cotas de inseguridade, de violencia social e urbana, aumento da delincuencia, especialmente entre os máis novos...

Blair busca, coas súas medidas, pór en marcha un sistema que poida xerar riqueza e distribuíla; que garanta a convivencia e a seguridade, para que o país poida competir interior e exteriormente ó máximo nivel e para que o Reino Unido poida volver ser unha gran potencia, un referente mundial de primeira importancia.

Outra das rupturas de Blair deuse no campo da delincuencia onde propón, baixo o lema "*loitar enerxicamente contra a delincuencia e as súas causas*", endurece-las medidas contra as diferentes formas de delincuencia, contra o vandalismo, o *hooliganismo*, o incivismo, o aumento da delincuencia entre os menores...

Blair tivo problemas á hora de aplicar a súa política de revisión do estado de benestar vixente en Gran Bretaña. Blair, no marco do seu plan de actuación, reduciu as subvencións ás nais solteiras, ós discapacitados..., o que lle supuxo que máis de 40 parlamentarios do seu grupo non o apoiasen e que diferentes sectores do seu partido e do sindicato laborista protestasen e se mobilizasen contra estas medidas que valoraron como thacherianas.

A Blair non só non lle tremeu o pulso á hora de aplicar estas medidas impopulares, senón que iniciou un periplo, unha campaña de explicación da súa política por todo o país, da política que ofrecera durante a campaña electoral.

Blair aumentou o prezo das matrículas universitarias (o que tamén xerou protestas) e está revisando o gasto superfluo en cultura³.

Como documentos sobre estes modelos político-económicos, incluímos unha entrevista publicada en *Le Nouvel Observateur* unha semana antes das eleccións francesas ó candidato a primeiro ministro, Lionel Jospin, feita polos prestixiosos intelectuais franceses Edgar Morin, Alain Touraine e Jean Daniel (as cursivas e os títulos son do traductor); unha entrevista en *Le Monde* co vicepresidente dos empresarios franceses; un debate publicado en *Le Nouvel Observateur* antes das eleccións entre o socialista Dominique Strass-Kahn (que sería, que é o ministro de Economía e Finanzas con Jospin) e o liberal Alain Madelin (que foi ministro na área económica con Balladur); breves recensións, análises dalgúns economistas liberais e intervencionistas das súas teorías e propostas; unha entrevista a Tony Blair, primeiro ministro de Gran Bretaña, publicada por *Le Monde* en setembro do 97; notas sobre algúns dos seus coñecidos e prestixiosos asesores, como é o caso de Anthony Giddens.

³ N.T.: En Galicia, e en España, gástanse miles de millóns en orquestas sinfónicas, auditórios, museos de artes contemporáneas, fútbol profesional, concertos de música pop e de todo tipo, gastos absolutamente superfluos de protocolo..., mentres que, por poñer por caso, as bibliotecas escolares e as universitarias están moi mal dotadas. Véxase o artigo: "Análise das prioridades do gasto público galego en moidas da sociedade do espectáculo...", *Revista Galega de Economía*, vol. 4, núm. 1-2, (1995), pp. 55-62.

ENTREVISTA A LIONEL JOSPIN REALIZADA POR JEAN DANIEL, EDGAR MORIN E ALAIN TOURAINE

Entrevista realizada a Jospin por tres grandes intelectuais franceses, protagonistas da historia política, intelectual, cultural, mediática... da Francia da segunda metade do século XX e cunha gran proxección internacional.

Edgar Morin e Alain Touraine xuntáronse a Jean Daniel para facerlle dicir ó líder do PS o que non di noutras partes. Nesta entrevista, que non é como as outras, o desafío de Jospin maniféstase: demostrar que a fidelidade ós principios, lonxe de ser un obstáculo para a modernización da esquerda, é unha condición desta.

Daniel.- A catro días do escrutinio, o número de indecisos aínda parece moi grande. Entre estes, están os que non poden refrear unha dúbida tenaz sobre a esquerda actual.

Jospin.- Aínda eran máis ó comezo da campaña para a elección presidencial⁴. Vimos de lonxe. Dende aquela, percorreu-se un bo treito.

Hai todo tipo de razóns para explicar estas actitudes: *a fin das ideoloxías*, o *descrédito da política*, a *impotencia dos equipos sucesivos para resolve-lo problema do emprego*, etc. Isto conduce a algúns, entre os mellores, a pensar que a política non é limpa, que o poder é demasiado corruptor, os homes demasiado fallos de força, de vontade para enfrentarse ós problemas. De aí, a tentación de resignarse a que a dereita estea feita para gobernar e a esquerda para contestar.

Estas mulleres e homes teñen precedentes honorables. Teñen tamén unha escusa: a dificultade para dárelle-la súa confianza a alguén. Pois ben, eu fixen a aposte de ser un home que merece confianza. Un home que di o que pensa cando está na oposición e que, unha vez no poder, fai o que dixo. E paréceme que, por exemplo, conseguín persuadir cada vez a máis franceses de que se teño o poder de influír nas cousas, a acumulación de mandatos vai retroceder⁵, será verdadeiramente a fin dos senadores de nove anos, o mandato presidencial será de cinco anos⁶, *separarse realmente a xustiza do poder político*⁷ e non se verá un novo Tapie... ¡vir mete-

⁴ N.T.: Jospin perdeu as eleccións presidenciais na segunda volta ante Jacques Chirac, pero fixoo despois de conseguir moi bons resultados na primeira volta, na que derrotou ó outro contendente (a Balladur) que fora primeiro ministro do centro dereita. Jospin gañou ó secretario xeral do PSF as primeiras primarias dese partido.

⁵ N.T.: Francia é un dos países do mundo occidental onde un político pode acumular na súa persoa o maior número de cargos.

⁶ N.T.: Agora é de sete.

⁷ N.T.: Jospin declara, neste sentido, que vai facer xusto o contrario do que fixo en España o seu amigo e socio político, o presidente González, que converteu xustiza en moi dependente —aínda máis— do poder debido ó forte control político dos diferentes tribunais —incluídos os más altos, o Constitucional, o de Contas, os autonómicos— e dos poderes consultivos, vía "poder xudicial", por medio da creación de prazas, da carreira xudicial cara á xudicatura, das audiencias, do Consello Superior do Poder Xudicial, dos tribunais superiores... e vía ministerio fiscal que depende xerarquicamente do Goberno... González, incluso, co apoio de catedrátics de dereito político que se din "progresistas" como Pérez Royo, Cotarelo e outros, chegou a poñer en cuestión a división de poderes, o fundamento do "prógresismo" que se inaugura coa revolución francesa, mediante a súa "teoría do acto político". Con esta "peculiar teoría" vólvese en parte ó antigo réxime, pois o elixido electoralmente, políticamente, convértese nunha especie de monarca absoluto, irresponsable e impune que non ten que dar contas a ninguén, e menos ós xúfices. A única sanción posible que admiten, non lles queda máis remedio, é a das próximas eleccións, as cales poden botalos do poder.

-lo seu nariz entre a esquerda!⁸ Ninguén debe te-la menor dúbida a este respecto⁹.

Daniel.- ¿Emendou vostede xa a parte negativa da herданza do mitterrandismo?

Jospin.- Penso que máis alá das opcións políticas e económicas moi meritorias que foron levadas a cabo por François Mitterrand, máis alá das renovacións importantes da vida política francesa como a descentralización e a abolición da pena de morte, nós fracasamos en dous puntos. En primeiro lugar, no paro —tal vez con atenuantes, debido á conjuntura— e en segundo lugar, e sobre todo, *no relativo á ética republicana ou más sinxelamente á moral*¹⁰. Sobre este asunto teño princi-

⁸ N.T.: Jospin refírese a Bernard Tapie, un empresario sen escrúpulos e corrupto, que incluso corrompeu o equipo de fútbol que presidía: o Marsella. "Empresario" que abraiou ó socialismo do presidente Mitterrand e ós seus gobernos —do que tamén formou parte Jospin, como ministro de Educación—. O presidente Mitterrand presentou a Tapie como unha gran fichaxe política do socialismo francés!!, unha das súas grandes vedetes que, nun principio, tivo un gran tirón electoral...

⁹ N.T.: Pois hai dúbidas á luz dos feitos acaecidos en moi graves casos de corrupción política. Jospin, dende a oposición, pediu contas ó presidente Chirac polas actuacións do GAL en Francia. Pero esperou a que o poder gubernamental estivese en mans do centro dereita. Jospin, cando o GAL actuou, ocupando a Presidencia e o Goberno de Francia os socialistas de Mitterrand, non pediu contas polas críminais e asasinás actuacións do GAL en Francia. Destacados socialistas franceses, como Pierre Guidoni, que foi embaixador de Francia en España, non só non lle pediron contas, senón que escribiu en tódolos medios —*El País*, etc.— para dicir, como dicía daquela o presidente González, que "sobre el GAL no hay pruebas y nunca las habrá...". Pero non se trata só de destacados socialistas franceses, que sobre o caso GAL miraron para outro lado, é iso que este grupo terrorista de guerra sucia actuou na terra dos dereitos humanos coa colaboración de diversos medios e axentes franceses, na terra do *affaire Dreyfus* —ó que o primeiro ministro Jospin, nun notable incidente parlamentario, se referiu para atacar contra a dereita, para facelo patrimonio seu, para dicir que a dereita era antídreyfus e proescravista; polo que máis tarde tivo que pedir desculpas públicas—. É tamén o caso, "curiosamente", de intelectuais franceses como Daniel, Morin, Touraine e outros como Bourdieu, Debray... que asinaron un manifesto en España para defender unha das empresas *multimediativas* máis importantes e ós seus propietarios e máximos dirixentes. Unha empresa *multimediativa* na que esos intelectuais (e outros) asinantes, incluído algún galego e tamén Azúcar Moreno, Los del Río, Ramoncín, Julio Iglesias...!! —véxase *El País*, (23-03-97), p. 5— saen frecuentemente moi ben tratados e retratados en prensa, radio, televisión, editoriais, xornadas, cursos, conferencias ou presentación de libros, todo tipo de actos públicos organizados ou citados por esa empresa. Despois da sinatura dese manifesto, saen bastante máis. Estes intelectuais e outros, ó igual cós grupos parlamentarios franceses e europeos de esquerda, recibiron información rigorosa e documentada sobre este grave *affaire* do GAL, este *affaire* de guerra sucia asasina, malversación de capitais públicos polos implicados e procesados —entre os cales está a maior parte da cúpula do Ministerio de Interior do Goberno González cando estivo presidido polo Sr. Barriónuevo—, levado a cabo en nome das "razóns de Estado". Bourdieu, Daniel, Morin, Touraine e compañía recibiron información rigorosa e documentada e non fixeron nada, non sacaron os manifestos ós que nos teñen acostumados. E iso, a pesar de que en Francia "presticiosos", "moi progresistas" e coñecidos intelectuais crearon un "parlamento de intelectuais, escritores, artistas" para defende-la ética pública, a moral cívica, o universalismo ético, crítico e auto-crítico, a verdade insubornable..., para denuncia-la violación de dereitos democráticos, cidadáns, humanos...

Organismos internacionais, como a ONG Transparencia Internacional, declarou que a corrupción política, socioeconómica, cultural... é un dos principais problemas internacionais a finais do século XX. *Transparencia Internacional* ten a súa sede en Berlín e foi creada, seguindo o exemplo de Amnistía Internacional, para loitar contra a corrupción e pola rexeneración política. Para iso, e entre outras cousas, publica un informe anual dando conta dos países máis corruptos. Sobre *transparency international* e a corrupción internacional, véxase *Le Monde Economie*, (21-10-97), pp. I-III.

¹⁰ N.T.: A finais de xaneiro e principios de febreiro do 98 saltaba á luz pública un escándalo de corrupción por comisións ilegais de miles e centos de millóns de pesetas, dadas pola multinacional Elf, no que se vía directamente implicado Roland Dumas e colaboradores seus moi directos. A implicación de Dumas é da época na que foi ministro de Asuntos Exteriores, de Interior... co seu amigo o presidente Mitterrand. Actualmente ocupa un dos cargos máis altos da República francesa, o de presidente do Consello Constitucional.

pios claros, incluso diría que elementais. Aprendinos dos meus pais e tamén na escola, e creo que deben guia-los nosos comportamentos como deben guiar, tamén, á República. Dito doutra maneira, entre os principios morais que eu vía escritos no encerado da miña clase e os principios que deben imponerse ó Estado debe haber unha estreita relación. Dende esta perspectiva, restablecerei o contrato de confianza que debe existir entre os cidadáns e os seus representantes.

Daniel.- Isto que propón vostede é enorme, pero é insuficiente. ¿Como explica vostede que, ós ollos dos partidos socialistas europeos, o Partido Socialista Francés pareza "retardado"? Non se trata dos sentimientos que a dereita manifesta cara a Tony Blair e sobre o que vostede fixo xustiza, senón que en Amsterdan, Copenhaguen, Lisboa, Londres ou Bonn é o que se pensa.

Jospin.- Se por "atraso" se entende unha falta de adaptación á modernidade, neste punto desafío a quen sexa para que mo demostre. Tanto sobre a opción europea como sobre o vínculo coa economía de mercado, nós fomos por diante, especialmente con relación ó Partido Laborista antes da chegada de Blair. Pero eu coñeo ben esta tese. Nace na internacional Socialista dende 1971. Polo esencial, está ligada á nosa política de alianzas co Partido Comunista, política da que podían pasar outros partidos europeos, especialmente os socialdemócratas alemáns, pois nos seus países o PC era marxinal. Esta tese foi retomada tamén por partidos máis próximos a nós debido á sensibilidade, á personalidade dos seus líderes e por formar parte da Europa do sur. Non obstante, estes partidos tiveron necesidade de reconstruí-la súa lexitimidade para conseguir, en democracia, a súa volta á Historia. É o caso do PSOE español despois do franquismo, como do Partido Socialista Portugués despois do salazarismo. Estes dous partidos tiveron que competir cos partidos comunistas e tiveron necesidade de afirmarse, de construírse contra eles. Pola nosa parte, nós temos cos comunistas unhas relacions desprovistas de ilusións e temores. Nós partimos do pluralismo existente para definir unha estratexia vitoriosa para a esquerda e tratábamos, á vez, de cambia-la correlación de forzas. Consegúimolo. Pero non podo deixar de dicir, sobre todo ante interlocutores como vostedes, que as relacions da *intelligentsia* francesa co comunismo non nos facilitaron a tarefa. O resto dos europeos non tiveron, como nós, unha gran parte das súas elites fascinadas polo comunismo comprendido o stalinista, antes de que se producise un rexitamento que foi tan violento como tardío. Dende este punto de vista histórico, é dende o que se pode falar dunha singularidade nacional francesa¹¹.

Touraine.- Quixería volver sobre a pregunta de Jean Daniel. Tres cuartas partes dos franceses están descontentos co goberno. Cando se circula polo país, e vostede

¹¹ N.T.: Véxase o libro colectivo, xa citado, de St. Courtois, N. Werth, J.L. Panné, A. Paczkowski, K. Bartosek e J.L. Margolin (1997): *Le Livre Noir du Communisme. Crimes, Terreurs, Répression*. R. Laffont e o de F. Furet (1994), que morreu en 1997, e que uns anos antes publicara a grande obra: *El pasado de una ilusión. Ensayo sobre la idea comunista en el siglo XX*. Fondo de Cultura Económica. Esta obra foi saudada como unha gran contribución para o estudio do totalitarismo. Nela analízase a "fascinación" dos intelectuais polo comunismo, polo réxime soviético marxista-leninista e stalinista.

o fai máis ca nós, é difícil atopar xentes que defendan o goberno. Sen embargo, aquí non sucede como en Inglaterra fronte ó goberno conservador. Propónolle unha explicación. ¿Non ten vostede o sentimento de encarnar unha difícil transición entre dousas culturas que, por outra parte, forman a identidade de toda a esquerda e dunha gran parte de Francia? Vostede ten unha linguaxe modernista sobre a economía de mercado, pero sobre outros puntos segue manifestando certos freos e tópicos. Vostede está polo tratado de Maastricht e alíase cos comunistas que están en contra. No Partido Socialista hai dous grandes tendencias. Por un lado, aínda está vixente a vella cultura política, nacional, social-obreira, con referencias ó pasado, á liberación, á Frente Popular e, doutro, hai unha cultura política aberta, europea, que afirma que o mercado mundial non exclúe a posibilidade dunha política social. Ante esta situación, ¿non está vostede, como Francia, no medio do vao?

Jospin.- Prefiro dicir que o Partido Socialista debe estar no medio da corrente, do movemento de forzas que se uniron en Francia¹², que non está feito para deterse e que debe conducirnos ó porvir. É a corrente da mutación e da adaptación á modernidade. Se se acepta a súa imaxe do vao, iso quere dicir que se deixa unha beira e que se debe, para non manterse no medio, ou ben volver atrás —política arcaica— ou ben ir cara a adiante esquecendo completamente o que había na outra beira, o que rexeito.

Creo que se estou aquí, se finalmente fun elixido para suceder a François Mitterrand, tal vez sexa porque fun o home que rexeitei, no momento do Congreso (do Partido Socialista Francés) de Nantes, a dicotomía ou a oposición entre as dousas esquerdas, entre as dousas culturas. Nesta época dixen que me sentía permanecer en igualdade de condicións nas dousas culturas. Pertencín á UGS, ó PSU (Partido Socialista Unificado) e adoptei os temas que caracterizaban a estas formacións: loita contra o colonialismo, vontade de moderniza-lo Estado, capacidade para manter boas relacións con certos medios cristiáns, pero é verdade que, á vez, estaba vinculado á unión da esquerda, era consciente da importancia do Estado e quería seguir unha perspectiva de conquista do poder. Vostede dime que son un home entre dousas culturas. Respóndolle que me enriquezo da súa complementariedade.

Penso que Francia é un país suficientemente particular para que non renegue brutalmente da súa cultura, nin da súa historia. Debe facérsele evolucionar a partir do estatismo e do centralismo antigos, cara á iniciativa, á descentralización, ás formas de autoxestión, pero sen ruptura co servizo público, cos valores que fundaron a República. Constatou que na educación nacional e na ensinanza superior fun más aberto, mantendo o servizo público, din que con máis autonomía que o que fixo a dereita con François Bayrou¹³ que, pola contra, recentralizou. Esta dereita decide lanzar un plan sobre o emprego ó día seguinte da elección e ¿que fai Jup-

¹² N.T.: O partido socialista liderado por Jospin presentouse ás eleccións lexislativas en Francia en unión/coalición cos comunistas, os verdes e outros grupos de esquerda.

¹³ N.T.: Que foi ministro de Educación con gobiernos de centro dereita.

pé?¹⁴ ¡Diríxese ós *prefectos*!¹⁵ En teoría, nós sómo-los burócratas e eles os especialistas do mercado, pero cando eles queren mobilizarse no campo do emprego, danles ordes ós *prefectos* —claro está, sen ningún resultado—. Nós somos un país demasiado centralizado e é preciso introducir unha maior autonomía de xestión. Pero creo que isto non se pode facer negando parte da nosa herdanza, pois córrese o risco de marxinarse, de non ser comprendido. Hai unha parte dos medios populares que, ademais de sufrir un proceso de desclasamento, traumas ou ameazas que pesan sobre a súa vida cotiá, incluída a inseguridade, non atopan nesta nova situación referencias propias, como noutrora.

Polo tanto, se se quere face-lo cambio é preciso ter en conta o que é Francia: un país que sempre oscilou entre a cultura revolucionaria e o inmobilismo. Sempre se lle deu mal facer reformas. Foi sempre o país que facía mutacións bruscas, o país que se entregaba a déspotas ou que se instalaba no inmobilismo durante dez, vinte ou trinta anos. Debemos aprender a face-la reforma. Na actualidade as forzas do mercado actúan con tal violencia, con tal rigorismo, con tantos apoios políticos que se non tomamos precaucións temo que o país bascule completamente dun dos lados. Por iso, toda empresa de reforma supón unha análise lúcida de Francia tal cal é, das súas tradicións, da súa socioloxía, comprendendo a súa paisaxe política de esquerda. Quero un socialismo aberto, non un liberalismo sen-frelo.

Morin.- Estou de acordo con vostede no de ter conta que as tradicións do pasado seguen vivas e non deben morrer. Pero querería que nos proxectasemos cara ó futuro. Paréceme que o que lle falta ó seu programa é a perspectiva histórica, é dicir a idea dunha vía, non dun proxecto de sociedade, de todo un programa, senón dun gran deseño que, como dicía un dos seus, responda, e non só en termos económicos inmediatos, ó formidable desafío ó que Francia, como o resto do mundo, están confrontados"¹⁶.

¹⁴ N.T.: Que foi o primeiro ministro derrotado por Jospin.

¹⁵ N.T.: Os *prefectos* son como os antigos gobernadores civís españoles, pero nun réxime moi más centralista có español... A vida dá moitas voltas e moi rápido do que un cre ou espera. Jospin, para enfrentarse ós parados que a finais do 97 ocuparon numerosas sedes públicas en protesta pola súa situación, tamén botou man dos *prefectos*...

¹⁶ N.T.: Nótense neste tipo de observacións un dos grandes vicios —algúns din virtudes— da grande intelectualidade francesa, isto é: grandes palabras e palabras, grandes narracións, rebuscadas e brillantes argumentacións, moi fetichismo da palabra, a creación retórica... que non se concretan en nada, que no terreo da acción política —a que como tal se propón para facer cousas, para plasmar proxectos, grandes deseños que resolván problemas reais...— non propón ningunha alternativa concreta. Pero, eso si, permite un forte e sorprendente xogo conceptual, terminolóxico, discursivo... Sucedé, tamén, que cando, ás veces, grandes intelectuais franceses saen do seu esoterismo intelectual-conceptual-tecnometodológico-filosófico-terminolóxico... —nalgún caso trátase de auténticas empanadas mentais, moi complicadas, verdadeiramente indixestas...— e cando se deciden a proponer medidas concretas, en bastantes casos non son más ca tópicos, puras trivialidades que, ademais, en moitas, moitas ocasións hai tempo que xa foran propostas e, incluso, xa se aplicaron. O intelectualismo corporativo e mal entendido, a máis dun do ramo —intelectuais, escritores, poetas, artistas, universitarios, científicos..., é dicir, *cultureiros* varios, múltiples e variopintos— procuroulles grandes e immerecidos réditos, patentes de corso para dici-la última palabra en todo e sobre todo, infinitas plataformas nas que opinar dogmática e prepotentemente, face-lo punto redondo, mundo e lirondo sobre o divino e o humano, ánda que non teña nada que ver cos seus estudos, traballos, especialidade... Estudios, traballos... que, en bastantes casos, do único que se preocupan é do seu mercado ideolóxico-simbólico, e non dos problemas sociais e das súas solucións.

"Estamos inmersos en procesos múltiples, económicos, sociais, democráticos, tecnolóxicos, científicos que anuncian unha metamorfose de civilización, de sociedade. É preciso promover ideas de longo termo que poderían versar, para comenzar, sobre a humanización das vilas, a transformación dos centros en zonas peonís, a aplicación de enerxías doces, etc. Ideas para cambiar las condicións de vida, rexenerar las zoas rurais, crear unha verdadeira política de solidariedade, non só lanzando a palabra senón creando casas de solidariedade, favorecendo oficios de solidariedade con axudas para o seu comezo, etc.

¿Non habería, en función desta perspectiva que cualificaría de vital, de considera-los seus programas estes asuntos de hoxe de forma diferente, para evitar que se vexa atado, encerrado, limitado polo inmediato? Cando se ve o gran número de indecisos, un pode preguntarse se están despolitizados, infrapolitizados ou se, pola contra, non mostran unha certa sabedoría política que se traduce, pola súa indecisión, no feito de percibir tódalas contradiccionés, tódalas insuficiencias das políticas que lles son propostas. ¿Non habería que dirixirse a estas xentes abrindo unha vía diferente?

Jospin.- O descrédito da política, polas razóns evocadas, acompañáñase, vese reforzado por unha carencia da palabra política. Isto débese á falta, na actualidade, dunha capacidade de lirismo, dunha capacidade, case literaria, poética, para expoñelas cousas¹⁷.

Morin.- De imaxinación, sinxelamente¹⁸.

Jospin.- Cando vostede fala de revitaliza-las zonas rurais, os centros peatonais..., e percorre coma min as cidades socialistas, comprobará que isto que dí fíxose ou está en marcha. A dificultade reside en darlle sentido a todo isto. Creo que se vostede toma estas perspectivas, reconstruir, rehabilitar ou revitaliza-los suburbios, actuar sobre os espacios sociais, crear outro tipo de actividades de carácter social, todos estes elementos en realidade están nas nosas propostas e, en concreto, nas últimas que lle facemos ó electorado.

¹⁷ N.T.: Efectivamente, o que lle falta á política é poesía vital, o "lirismo", a música necesaria... que conecte realmente coas xentes e cos seus problemas cotiáns, que lles dea oportunidades para integrarse laboral e socialmente, para realizarse, para vivir mellor individual e socialmente, más humana, democrática e creativamente, de acordo cos principios. Non hai que esquecer en ningún momento, e sobre todo nas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, que a economía é unha ciencia humana, unha ciencia social que ten que ver directamente coa vida cotiá das xentes, cos seus problemas e padecementos, cos seus desexos, coa busca da verdade, da felicidade... sabendo que non se alcanza toda nen nunca.

¹⁸ N.T.: Morin é un dos intelectuais —como o recentemente falecido Cornelio Castoriadis, o gran "Corneille", cunha obra de grande interese político, socioeconómico e vital— que colaboraron cos mozos iracundos do 68 que lanzaron aquilo de "a imaxinación ó poder". Moitos dos "radicais", dos "antigos combatentes dos anos 60", ou que se presentan como tales, en EE.UU., Alemaña, Francia, Italia, Gran Bretaña, España, Galicia..., chegarían, máis de vinte anos despois, ó poder e substituirán a mobilización pola movida (pública, por suposto), a imaxinación pola butaca e a comisión; a revolución polo cargo, a mansión e a corrupción; a mensaxe pola masaxe; a ética pola dietética; a vida pola bolsa; a utopía pola botellería, polo caviar, polo golf, pola gastronomía, pola filosofía de cafetería, pola gardarropía... A estes políticos "radicais e de esquerdas" que chegaron á riqueza e ó status dende o poder, en Francia e noutras partes, bautizáronos como a "esquerda golf e caviar dos *affaires*, como a Esquerda CCCP= CuCurruCuCu Paloma, é dicir, a esquerda do cambio... de coche, casa, talonario, compañeira/o, de política/patrimonio... A esquerda da corrupción ó cubo e a patrimonialización, a verdade, a xustiza, a democracia, o benestar, o progreso...

Hoxe a dificultade reside en darréas, por unha parte, un sentido xeral e, por outra, unha之力 mobilizadora que lles confira unha perspectiva e un impulso; e, por último, en facelas cibles.

Non creo que o pensamento sexa máis pobre ó despoxalo dos europeos ideolóxicos, nin que sexa máis pobre ca onte. Que xa non haxa ortodoxia supón unha oportunidade para o pensamento. Falta, tal vez, a confianza daqueles ós que se dirixe. Hai unha parte dos franceses que, actualmente, se senten esquecidos, negados, desprezados, ós que se ve como incapaces de segui-lo tren da modernización. Cómpre mostrárlles que o obxectivo da acción política é a súa existencia, a súa dignidade, as súas esperanzas e as súas condicións de vida, por suposto. Por iso, eu trato os problemas de inseguridade, os problemas da vida cotiá, por exemplo. Todos estes cidadáns teñen necesidade dun mínimo de protección para poder ser incluídos na lóxica do mercado.

O que quere dicir, tamén, estar preto deles. Todo o campo de valores se cuestiona: ¿acaso os valores que se dirixen a todos son, á vez, respectados por todos?, ¿acaso os que piden que non que se gaste máis do que se ten, os que din que hai que fazer sacrificios, acéptanos cando lles afectan a eles?, ¿ou trátase de leccións, de consellos que dan ós outros pero que eles non se aplican?

Sería necesario que nos interrogasemos sobre unha verdadeira ética social e económica e que nos preguntasemos qué están dispostos a respectala. Esta cuestión paréceme esencial con relación á actual crise de sentido que vivimos.

Daniel.- Tres cousas. Creo que entre os indecisos hai unha proporción bastante forte de xentes que pensan que o campo da política non ten que ver con eles. En segundo lugar, entre as adaptacións á modernidade, oio falar por tódalas partes do exemplo típico de inadaptación que sería o seu rexeitamento a privatizar France Télécom. Terceira cousa: ¿cre vostede que o euro é a condición de todo?

Jospin.- Primeiro, os indecisos. Tense a impresión de que, con relación ós indecisos ou ós que non se senten concernidos, hai unha fracción maior de mulleres que de homes, hai unha porcentaxe importante de obreiros e de xoves. Os xoves, se cadra, víronse decepcionados en dúas ocasións. É curioso, segundo as enquisas e díxeno nos mitins, ver cómo os xoves de 18 a 24 anos son os decepcionados de Chirac e os de 25 a 30 anos, os decepcionados da xeración Mitterrand. Esta decepción está estratificada por franxes de idade que coinciden cos períodos políticos. Non son sociólogo, pero isto sorprendeume moito.

Polo tanto, sobre este punto debemos reconstruí-lo discurso pero, na miña opinión, isto non poderá facerse máis que despois dunha confianza renovada polos nosos actos. En canto ós obreiros, xa ningúen fala deles. O Partido Comunista non os representa suficientemente. Houbo unha época, cando se era obreiro en Francia, cando se pertencía á clase obreira, que aínda que un estaba confrontado á explotación e tiña unhas moi específicas dificultades de vida, á vez, tiña tamén conciencia de si mesmo. Individualmente, non estaban valorados na sociedade pero, como individuos pertencentes a un grupo, estaban valorados historicamente, sen falar da

misión atribuída á clase obreira. Isto xa non sucede. Hoxe un obreiro sofre a explotación, a súa vida cotiá é difícil pero el xa non pode darlle sentido á súa categoría social.

Un asústase ó ve-la porcentaxe de obreiros que vota a Le Pen, incluso se Le Pen hoxe, felizmente, non é maioritario no electorado obreiro. Éo o Partido Socialista, pero, hai cousas que se poden entender.

Sobre France Télécom, *¿porque lle pide vostede á esquerda que siga o programa de privatizacións da dereita? Esa non é a nosa posición.* Sobre este punto dixemos: "Non imos continua-lo programa de privatizacións".

Con France Télécom estamos nun proceso. Se estivese feito, poderíase dicir: xa non hai remedio. Se só houbese que decidir, que tomar definitivamente a decisión, poderíase dicir: non o faremos. Ningún podería obxectarnos nada. Pero o que sucede é que este asunto está en marcha.

Na miña opinión, se chegamos a ocupa-las responsabilidades, sería interesante consultar ó persoal de France Télécom. Non son eles sós os que teñen que decidir, non é o persoal o que decide as privatizacións ou as nacionalizacións. Pero durante un tempo, hai dous ou tres anos, mobilizáronse nun 90% contra a privatización e hoxe dise que son favorables á distribución do capital. Cómprale preguntarollo.

Penso que se pode, moi ben, manter como público a un operador, incluído neste sector, e afrontar así a competición mundial. Fíxose ata agora, e non vexo que é o que cambiou fundamentalmente.

Daniel.- A competencia é maior.

Jospin.- Si, pero, en fin, non penso *a priori* que en calquera sector a competencia non poida ser levada, soportada por empresas de carácter público. Nin a aventura de Arianespace, nin a aventura de Airbus, non se concretarían se isto se fixera baixo a éxida privada. Nunca o capitalismo francés tería sido apto para xerar unha empresa de aviación capaz de estar na competencia mundial con Airbus. Iría máis lonxe, diría máis. Discutín disto cos dirixentes de Aerospatiale: a súa opinión non é a de que Boeing quere reduci-los avances do Airbus, senón que Boeing quere eliminar Airbus. En todo caso, eles interiorízano así. Polo tanto, a batalla é terrible e, dende este punto de vista, non hai que equivocarse nas opcións estratégicas, o que o actual goberno está a punto de facer coa privatización de Thomson e o que lle rodea. Un pode tamén equivocarse de modernidade se deixa afundir un sector, se non se lle fornecen a un sector os medios que necesita.

O capitalismo francés non é o americano. O capitalismo francés sempre foi más débil cós outros e, ademais, volveuse cada vez máis consanguíneo. Cómprale sabelo. Non somos Alemaña, nin Gran Bretaña, nin incluso Holanda. Fíxense nos grandes grupos capitalistas e verán que non se atopan en Francia. Non habería que imita-la virilidade capitalista sen te-los medios. Cuestionaríanse grandes éxitos industriais franceses: aviación, espacio, nuclear, TGV. Isto agradaríalles ós americanos, pero ¿onde estaría o noso interese niso?

O terceiro punto é o euro. Considero que todo o mundo está aliñándose sobre as posicións que defendín sobre as condicións...

Daniel.- Son praticamente as mesmas cás da dereita, ¿non?

Jospin.- Pois non... En fin, non é o que eu lía ó comezo. Somos nós os que fixemos avanzar á dereita na discusión e é, por outra parte, polo que recentemente dixen que isto non debe ser un problema para a cohabitación, pois esas posicións están na mesma liña de acordo co que sucedeu coa entrada de España e de Italia no euro, co governo europeo económico. Agora énos necesario poñe-lo euro nun valor correcto con relación ó dólar, é dicir, non subvalorado —non necesitamos un euro débil—, pero á vez non sobrevalorado con relación a esta moeda, o que nos penalizaría na competencia.

¿Que é, polo tanto, o que nos separa? Sepárano-lo pacto de estabilidade con relación a un pacto de crecimiento. Foi un erro aceptalo en Dublín. Ademais, non estaba no Tratado de Maastricht. Teño o firme propósito de que o punto de vista de Francia sexa tomado en conta. En calquera caso, eu sigo sendo profundamente europeo, non hai ningún retroceso, sigo sendo favorable ó euro¹⁹...

Daniel.- ¿Europeo?, ¿foiño sempre vostede?

Jospin.- Sempre fun europeo pero constato que a idea europea recúa e eu quero unha articulación Europa-nación, non por razóns que estean ligadas ó centralismo, ó proteccionismo²⁰, etc., senón por unha razón, na miña opinión, moito máis esencial —que os teóricos e intelectuais deberían tratar e axudarnos a tratar— como é que, a pesar de todo, polo momento, o marco nacional é o único marco da democracia. Se se sae do marco nacional, se se comeza a razoar en termos de redes internacionais (de mercado e outro tipo), permítanme que lles diga que se sae, así mesmo, da democracia.

Hai unha democratización posible no nivel dos grandes convxuntos: o Parlamento europeo, outras formas de control, a presencia dos sindicatos —se aumenta esta—, o Consello Económico e Social. Non digo que o marco nacional sexa o único marco posible da democracia, pero as transicións son lentas. Polo tanto, a nación, para mim, é o que preserva as dúas cousas: a democracia e a noción de solidariedade nacional entre tódolos membros dunha mesma comunidade e, especialmente, entre as elites e o resto da poboación. Estou moi sorprendido cando escoito a algúns que nos din: se vostede modifica a fiscalización, trasladarémo-las

¹⁹ N.T.: Como é sabido, Francia con Jospin de primeiro ministro acabou aceptando tamén o pacto de estabilidade europeo co compromiso, para que o primeiro ministro francés socialista salvase a cara, de que se celebrase un cumio europeo sobre o emprego. Fíxose en Luxemburgo, onde se aprobou unha declaración, unha más, de boas intencións, por outra parte tan típicas dos grandes cumios nos que son comúns as grandes palabras, os grandes comunicados...

²⁰ N.T.: Nos últimos anos, co desenvolvemento da globalización xurdiron en Europa, no Xapón, nos EE.UU. posicións proteccionistas dende concepcións de dereita e de esquerda, incluídos os extremos. O prestixioso economista Paul Krugman (1998), na súa obra *Pop Internationalism- La Mondialisation n'est pas Coupable. Vertus et Limite du Libre-Échange, La Découverte*, sae ó paso do que el considera errores conceptuais que se verteron sobre a mundialización, e sobre o comercio internacional, por economistas de prestixio, analistas, dirixentes...

nosas empresas. Se vostede modifica a fiscalización sobre o capital marcharemos a outros países ou evadiremos capitais. É preciso que continuemos razoando dende o punto de vista do interese de Francia.

Daniel.- ¿Para que o euro teña éxito, non teme vostede que as condicións que formulou non dean lugar a un conflicto cos alemáns, dada a súa evolución actual?

Jospin.- O paradoxo, se vostede quere, é que, para mim, a condición de paso ó euro en realidade son, cando menos, tanto as condicións do éxito do euro como as do paso. Daquela, o problema é saber se os criterios están feitos para impedirlo euro ou para que triunfe o euro, e eu estou polo éxito do euro, polo éxito de Europa. Esta é a miña análise.

Dito isto, vexo que os alemáns están evolucionando, máis ben, no bo sentido. Comezan a evoca-la consideración das realidades: sería preciso integrar, dende o punto de vista da débeda, da súa, o custo da unificación. Escoitamos dicir a algúns deles que, despois de todo, o criterio orzamentario do 3% podería ser revisado en, máis ou menos, dous ou tres decimais. Creo que comezan a entrar nun proceso de credibilidade...

Daniel.- ¿Por que insiste vostede sobre a presencia de Italia na Unión Monetaria?

Jospin.- Jean Daniel, solicítolle a atención de alguén que é un namorado de Italia. ¿Como imaxinar que as xentes que estaban en Alemaña do leste hai seis anos estarían, eles, no euro, é dicir no nó duro máis avanzado de Europa, mentres que os fundadores do Mercado Común xunto con nós non puidesen estar? Non obstante, se teñen un déficit do 6% téñeno difícil.

Touraine.- E iso que fixo máis camiño cós outros na diminución do seu déficit.

Jospin.- Si, absolutamente. O outro día almorcei con banqueiros e, ó escoitar a algúns deles falar dos "países do Club Mediterráneo..."²¹, tiven ganas de dicirllles —o que fixen e calmoulles—, escoiten..., Italia é Dante. E ademais se falan de España..., é Cervantes. Déixense de falar desa maneira. Italia é outra cousa, "*quand même...*". Francamente, hai unha especie de desprezo, de vulgaridade nestes medios, que é mortificante...

Pero, repito, a partir do momento no que se quere facer unha moeda única é preciso ter en conta os criterios que teñen que ver coa moeda. Polo tanto, neste

²¹ N.T: Con esta denominación refírense despectivamente en Inglaterra, Alemaña, Holanda, os países nórdicos... ós países do sur, máis atrasados e que, segundo eses países, están sempre de festa: Grecia, Italia, España, Portugal..., "non son moi serios economicamente". Os empresarios franceses deben saber que algúns países centroeuropeos, despois de verifica-lo arcásmo francés, a súa incapacidade para saír do burato económico e do paro no que se atopan..., inclúen tamén a Francia neste club... Tamén os denominan: PIGS=Portugal, Italia, Grecia, Spain... Holanda —e Alemaña en voz baixa— sinalou que non quere que o diñeiro que no seu país vai destinado ós xubilados holandeses teña que enviarse a Italia que administra mal os seus fondos, non é capaz de controla-lo gasto público, de cumplir con tó dolos puntos da converxencia fixados en Maastricht. Pola súa parte, Alemaña declarou en máis dunha ocasión que se debe revisar á baixa a súa contribución económica á Unión Europea, que é a máis alta, pero é a que asinou. Alemaña quere seguir, neste sentido, os pasos que iniciou a Gran Bretaña da Thatcher.

sentido, é preciso falar do orzamento, da débeda, da inflación. É normal. Pero, a fin de contas, a decisión será política e histórica...²²

Touraine.- Dende hai un ano, houbo casos como os de Vitrolles, a Lei Debré sobre a emigración, Estrasburgo... ¿A que se debe que o Partido Socialista non estivera máis presente na loita contra a Frente Nacional-FN de Le Pen? Penso que hoxe unha parte das dúbdas dos electores proceden de que o PS non se mostra con capacidade para a mobilización popular. Cando os conflictos ligados ó traballo son os que dominan, son os actores de base os que os animan. Pero cando a exclusión é máis visible cá explotación, correspéndelles ós políticos suscitar, en primeiro lugar, unha mobilización sobre os temas políticos, democráticos, como é o caso da loita contra o FN e a Lei Debré.

Jospin.- Creo que non hai que amalgama-los tres casos. Vitrolles é o choque creado pola victoria da Frente Nacional fronte a un alcalde socialista saínte. O PS ten a súa parte de responsabilidade: non foi capaz de atopar un candidato mellor...

Estrasburgo é á inversa de Vitrolles²³. Vostede non pode dicir que o PS non estivera presente.

Touraine.- Seino, atopámonos alí.

Jospin.- É unha proba. Catherine Trautmann, que é alcaldesa da cidade de Estrasburgo e membro da dirección nacional do PS, desempeñou, como se sabe, un rol motor na mobilización contra o FN. Hai máis xente que os socialistas en Estrasburgo que se mobilizaron, pero os socialistas foron moitos. En canto á Lei Debré, o PS opúxose e mobilizouse. Pero un certo número de grupos pequenos teñen a tentación de facernos un proceso. Penso nalgúns cineastas que se expresaron cunha violencia que non está xustificada. Tal vez tivera unha reacción de orgullo dicindo: se estas xentes non me queren, non vou ir á súa manifestación. Non vou marchar atrás deles. O seu proceso é demasiado inxusto. E situeime un pouco á marxe, e participei na manifestación de Toulouse. Son os mesmos que vin xurdir en plena campaña electoral para dicir: nós sómo-la esquerda, sómo-la esquerda real. Eu respéctoos. Din algu nhais cousas que son xustas: se a esquerda fai o que desexamos estaremos con ela, se non o fai demandarémosllelo. É unha forma de proceder que me parece xusta. Que nos interpelen é o seu derecho. Pero que... ¡non nos dean leccións!²⁴

²² N.T.: Jospin deunos, neste punto, unha lección de subir, baixar, agatuñar...; el e os seus interlocutores. Se se fala de economía europea, de política de converxencia..., qué terá que ve-la literatura..., coa cal parecen perdoárlle-la vida ós países europeos más pobres, más atrasados económicamente. Claro que dende o seu chauvinismo francés lles per-doan a vida ós demás cando a súa situación económica, de converxencia, como tamén sucede coa alemana, deixou bastante que desexar en 1997, 96..., no relativo ó paro, ó déficit, ó crecemento, á competitividade internacional... Ademais, falando dos países mediterráneos, o Club Mediterráneo francés de turismo, creado polos franceses, pasou en 1996..., está pasando por unha situación económica bastante mala. En 1997 o Club Mediterranée tiña os peores resultados da súa historia...

²³ N.T.: Refírese ó caso da alcaldesa socialista de Estrasburgo que mobilizou a súa cidade contra o FN.

²⁴ N.T.: Sobre a Lei Debré e a súa aplicación polo Goberno de unión da esquerda presidido por Jospin, está habendo discrepancias entre o ofrecido en campaña por Jospin e o finalmente aplicado; discrepancias que lle foron reprochadas ó Goberno de Jospin por intelectuais, escritores, artistas... que apoíaron a Unión da Esquerda durante a campaña electoral e que se mobilizaron en defensa dos "sen papeis"...

Morin.- Sen dúbida, expreseime mal. Vostede cre que eu lle pregunto pola ideoloxía, polo cumprimento neste punto.

Jospin.- Non, comprendín que vostede me pedía unha perspectiva.

Morin.- Os socialistas no século último ou ó comezo deste século fixeron diagnósticos sobre o futuro, e hoxe bóto en falta. Reflexionaban e aplicaban o seu pensamento á realidade. Vexa Marx, por exemplo. Era un pensador xenial, incluso se se baseaba en fundamentos insuficientes. Necesitamos, máis ca nunca, dunha visión do mundo, dunha visión do universo, dunha visión da sociedade. Todo isto está por facer, está en barbeito.

Jospin.- De acordo. Pero lembre: nas épocas nas que había sentido, como di vostede, nas que as xentes se unían en torno a mensaxes fortes, houbo tamén unha propensión á simplificación, ás veces á mistificación, a unha mistificación tráxica. Penso no totalitarismo²⁵.

Morin.- Por suposto.

Jospin.- De golpe, volvémonos todos moi prudentes. Estamos moi queimados pola Historia. Por iso, non somos capaces de darlle sentido a unha serie de medidas, por outra parte pertinentes, e a dicir: velaquí a perspectiva en torno á cal queremos reunirnos. Sen embargo, nós temos esta perspectiva. Para nós, o século XXI será o século da batalla da intelixencia. A innovación, a creación, a cultura serán as bazas que haberá que xogar; a educación, a investigación serán os investimentos para realizar. Por isto, nós facemos diso a nosa prioridade. A ciencia debe libera-lo home. Temos un proxecto de sociedade, aínda que dubidamos en dicilo ben alto e forte, pois *¡o paro golpea moi forte as cabezas e os corazóns das xentes!*

Morin.- Por outra parte, cando vostede di: "*miren as rúas peonís, son os municipios socialistas os que as fixeron así*"; é certo. Pero daquela, ¿a que se debe que esas iniciativas non sexan promovidas e assumidas pola política nacional que tería que ser unha política de calidade de vida? Unha política que tomase en conta as necesidades ecolóxicas, unha política que reunise as diversas iniciativas e as integrase nun proxecto. Así mesmo, estou impresionado de ver mil iniciativas para crear empresas de solidariedade, facer revivi-los pobos, volver darlle sentido á vida cívica do país. Sen embargo, estas iniciativas están dispersas. Non se fai nada para unilas, retomalas a un nivel superior. Na miña opinión, é unha falta por parte dun partido para o que estes asuntos forman parte da súa vocación natural. O mesmo cando falamos do emprego, creo que non é necesario partir dunha lóxica económica, senón considerar este asunto nunha problemática de sociedade, a partir de necesidades patentes, escandalosas. Hai, se cadra, unha demanda de 100.000-200.000 empregos destinados ós anciáns que están illados, á humanización dos

²⁵ N.T.: Sobre o totalitarismo alemán, stalinista... levantouse unha gran polémica internacional a propósito do libro do novo profesor de Harvard, fillo dun deportado polo nazismo alemán, D.J. Golhagen (1997), *Los verdugos voluntarios de Hitler*. Taurus; véxanse tamén: A. Glucksman (1997): *Le Bien et le Mal. Lettres Inmorales d'Allemagne et de France*. Robert Laffont; F. Fernández Buey (1995): *La barbarie de ellos y de los nuestros*. Paidos.

hospitais, á renovación dos medios de transporte. É preciso, de entrada, definir cásas son as necesidades sociais e, despois, esforzarse en cifralas²⁶.

Jospin.- Comparto as súas preocupacións. Nun libro que aparecerá en setembro —e que a campaña electoral adiou—, utilizo a expresión "*utopía concreta*". Propongo partir, como vostede suxire, das necesidades do home; partir conxuntamente das súas necesidades fundamentais como individuo e das necesidades colectivas a escala dun país, eventualmente de Europa e, incluso, do mundo. ¿Cales son estas necesidades? A paz, a seguridade, poder vestirse, alimentarse. No nivel global, alfabetiza-los nenos, educalos, expandirse, acceder á cultura. Dito doutra maneira, non referirse ás cousas a través de construccóns ideolóxicas, de conceptos establecidos *a priori*, do que nos valeríamos para transformalas, senón partir das necesidades do home e tratar de defini-los medios para satisfacelas²⁷. Estes son os verdadeiros obxectivos. Utópicos en tanto que difílices, pero concretos en tanto que realizable.

Morin.- Considera as denuncias de Le Pen. Se estas non se limitasen a ser máis que denuncias, de certo se verían como insuficientes ó servir unicamente para ocultarles ós partidos as súas carencias, as súas escleroses. O que permitiu o desenvolvemento do electorado da Frente Nacional. *SE O PARTIDO SOCIALISTA NON SE REXENERA EL MESMO, NON PODERÁ DESEMPEÑA-LO PAPEL QUE LLE CO-RRESPONDE PARA REXENERA-LA SOCIEDADE* (as cursivas e as maiúsculas son do tradutor, dada a súa pertinencia non só para Francia, senón tamén para España, Galicia..., "par tout"). *PERO NON SÓ LLES AFECTA ÓS SO-*

²⁶ N.R.: Estou de acordo con Morin nas necesidades relativas a atende-los anciáns, hospitais, transporte... Que en España e Galicia son moito más urxentes, ainda. O que habería que engadir: as garderías, a mellora da vivenda, das vilas e barrios en infraestructuras e servicios básicos, a atención á aprendizaxe de oficios e ó seu cumprimento de forma honrada, rigorosa e creativa... Agora ben, isto hai que facelo de forma completamente diferente ó que se fixo ata agora. Non se poden crear empregos, se se crean, como unha especie de esmola, beneficencia, caixón de xastre..., é dicir de destino para ofrecerelles ós que non teñen nada, de funcionarización á baixa... Non se pode manter unha educación completamente funcionalizada, arcaica, burocratizada, clientelar e, en bastantes casos, neocaciquil e neofeudal, e incapaz de facerelles fronte, no que lle corresponde, ós desafíos de finais do século XX. É preciso e urxente atender estas necesidades con rigor, profesionalidade, estudos serios, innovación, experiencias, sentido do investimento público, rendibilidade económica e social... para evitar crear bolsas de parasitismo, de fraude, voto cautivo, sistemas clientelistas, corruptos e neocorporativos que xerarán máis gasto, corrupción, frustración e non só, non resolverán os problemas, senón que poderán agravalos. Os "progres" deben revisa-los os seus gastados discursos e ser moi más responsables, éticos, honrados... co diñeiro público, moi más autocriticos, dialécticos...

²⁷ N.T.: O problema é quén define estas necesidades e cómo. Pois, os dictadores de onte e de hoxe co seu aparato impónenlle ó pobo o que eles pensan, o que necesitan e non necesitan para vivir, pensar, "salvarse"... Incluso en democracia hai moitos problemas para defini-las necesidades sociais, do pobo, para establecer-las prioridades á hora de atendelas con recursos públicos escasos. Hai democracias que están constantemente tratando de mellorarse, de establecer vías para que os cidadáns poidan, dende abaixo, formula-las súas necesidades, os seus proxectos; para que poidan levar a cabo iniciativas populares, facerse escotiar e, incluso, rectificar/ratificar local, autónoma e estatalmente mediante referendo os acordos dos responsables públicos. Hai outras democracias que se conforman unicamente coa lexitimación en orixe que lles dan as eleccións e, posteriormente, non queren saber moito das inquietudes e necesidades do pobo, non se lexitiman coa democracia en exercicio, creando as condicións para que os axentes sociais poidan ser escotados, poidan intervir realmente na definición de cásas son as súas necesidades, cómo se satisfán e cásas deben se-las prioridades públicas para facelo.

CIALISTAS SENÓN QUE TAMÉN LLE AFECTA, E MOITO, Ó RESTO DAS FORZAS POLÍTICAS, EMPRESARIAIS, SINDICAIS, UNIVERSITARIAS, INTELECTUAIS, PROFESIONAIS, SOCIAIS...

Jospin.- COMPLETAMENTE DE ACORDO. SEI QUE AÍNDA TEMOS QUE FACER PROGRESOS NESTE SENTIDO, E ESPECIALMENTE NUN CERTO NÚMERO DE CIDADES OU DE DEPARTAMENTOS ONDE HAI, COMO DICIOLO, NECROSE.

Touraine.- Volvamos ó problema que está no corazón de tódolos franceses: o emprego. A súa inquietude reside no sentimento de que a apertura económica e a apertura internacional están en contradicción co mantemento dunha sociedade nacional integrada. Sen embargo, o desafío está en mostrar que estas aperturas non son incompatibles. Dende este punto de vista, retomo dúas proposicións que vostede fixo. Por unha parte, a creación de 700.000 empregos para a mocidade, o que me parece unha medida tipicamente político-social, sen relación coa economía. É a mala solución. A boa solución é a conferencia do emprego e a idea de comparti-lo traballo, que é o exemplo mesmo da conciliación entre a eficacia económica e a xustiza social. Neste sentido, vostede ten a linguaxe xusta. Alégrome de ver que vostede comezou a campaña poñendo en primeiro plano o primeiro asunto e despois, progresivamente, puxo o acento no segundo²⁸.

Jospin.- O que non é falso...

Touraine.- ...O corazón mesmo do voso discurso non debería ser: ¿é necesaria a apertura á economía internacional? A aceleración da nosa entrada na sociedade da información, tamén. Imos demostrar que non só unha e outra non son incompatibles con máis integración e solidariedade social, senón que hai, na ocorrencia, complementariedade das medidas económicas e sociais. Gustaríame que este discurso fose manifestado con más forza.

Jospin.- Constato que a medida máis precisa, a que foi mellor definida —nós precisámo-la natureza dos empregos ofrecidos ós mozos e o seu financiamento— a que podería aparecer como a máis cible, é a que foi máis utilizada, e incluso a máis caricaturizada, para desacredita-lo noso programa económico. Repréchasellos ós socialistas manterse nas xeneralidades e, no momento en que din cousas precisas, respóndeselles: iso non é realista, iso non funcionará. En realidade hai nesta medida un aspecto simbólico, unha vontade de responder a unha verdadeira angustia social. Esta resposta é efectivamente paraeconómica. Está, dalgunha maneira, desvinculada da lóxica económica e social que nós aplicamos. Estes 350.000 empregos de carácter público diríxense, máis ben, a rapaces, numerosos nos barrios, de orixe inmigrante, incluso aínda que non o sexan todos, e cunha herdanza cultural, e cun nivel de formación, é dicir, cuns hándicaps sociais que fan que non

²⁸ N.T.: Jospin, despois de gaña-las eleccións, creou xa parte do emprego público para os xoves —350.000 empregos— dos 700.000 que prometera en campaña. E, con respecto á medida da semana de 35 horas sen dimisión de salario, decidiu aplicala a partir do ano 2000, coa forte oposición da patronal. Sobre este asunto inclúese máis adiante unha entrevista co vicepresidente dos empresarios franceses.

poidan entrar facilmente no mercado de traballo polas filiais de formación habituais. É, neste sentido, no que defendo este programa e non como un instrumento de política económica. A coherencia económica, que tratei de poñer de manifesto en dous artigos de *Libération*, consiste en facer funcionar conxuntamente creación de empregos, diminución do tempo de traballo e progresión de salarios²⁹. É evidente que na mesma empresa non se pode á vez face-las tres cousas. O sistema explotaría. A conferencia salarial non pode converterse nunha gran máquina. Esta non vai reinventa-la política de ingresos en Francia, versión anos 60. Debe ser un marco no que se lanzan unha serie de negociacións e, tal vez, se continúan para atoparse regularmente e verificar conxuntamente os progresos conseguidos.

Estou de acordo no que vostede dixo sobre a necesidade de investir moito máis nas tecnoloxías punta. Estamos oíndo falar a todas horas dos empregos que se crearon neste sector nos EE.UU. Non son pequenos traballos, pequenas cousas. Moitos son empregos cualificados que contribúen a aumenta-lo crecemento. Estamos de acordo con estas ideas; estamos de acordo con que é necesario potencia-la creación de empregos a partir das pequenas e medianas industrias e empresas —PMI-PME—. Á vez, non estou completamente en contradicción co discurso segundo, o cal non se pode simplemente razoar en termos de defensa dos dereitos adquiridos que ás veces son percibidos como corporativismos. Estou de acordo coa idea de que se deben ter en conta as evolucións recentes producidas no mundo e levar a cabo un certo número de mutacións para definir novas solidariedades. Pero, ¿que se nos propón a este respecto? A mundialización, o progreso técnico acompañado dunha más grande flexibilidade do traballo, dunha posta en cuestión do salario mínimo, da creación de pequenos traballos... De feito, as xentes dinse: dado que non se me propón nada de positivo, bátome para defenderme, por garda-lo status que teño, que me protexe. A mutación é percibida como unha ameaza, non como a perspectiva dunha situación mellor. A nós correspondemos facer comprender que o cambio pode supoñer unha oportunidade para o progreso. Se temos, fronte a fronte, unha esquerda fixada na defensa do status e unha dereita disposta a acepta-lo desastre social para levar a cabo a mundialización, non sei quéén gañará, pero sei que Francia sairá perdendo. *O que se xoga nestas eleccións e nos anos que veñen é reconcilia-los franceses co progreso.*

²⁹ N.T.: Sobre este asunto do emprego, a reducción do tempo do traballo... en Francia e outras partes, véxase na sección "documentos" os relativos ó "Progreso" e o drama do emprego. Traballar ou non traballar e cómo. Aí esta a cuestión", *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 1, (1996), pp. 287-194; J. Defourni, L. Faureu, J.L. Laville [dir.] (1997-1998): *Inserción y nueva economía social. Un balance internacional*. CIRIEC-España (Centro Internacional de Investigación e Información sobre Economía Pública, Social y Comparativa); número extraordinario da revista *Economies et Sociétés*, titulado "Normes du Travail. Formes et Modes d'Emploi. Relations Professionnelles", núm. 3, 1998; número da revista *La Documentation Française. Le Travail et l'emploi*, titulado "Les Enjeux de la Répartition du Travail", núm. 74, 1/98; número extraordinario da revista *Problèmes Economiques* (que recolle artigos económicos de todo o mundo), titulado "50 Ans de Problèmes Economiques", núm. 2565-2566, (22-29/04/98) e onde hai artigos con bibliografía titulados "Crecimiento, crisis y desarrollo", "Economía internacional", "Empresa", "Trabajo y paro", "Desigualdades y protección social", "Intervención del Estado", "La ciencia económica en la actualidad".

ENTREVISTA CO VICEPRESIDENTE DOS EMPRESARIOS FRANCESES-CONFEDERACIÓN NACIONAL DOS EMPRESARIOS-PATRÓNS FRANCESES (CNPF) E PRESIDENTE DA SÚA COMISIÓN SOCIAL, GEORGES JOLLÈS, SOBRE A SEMANA DE 35 HORAS, O AUMENTO DOS SUBSIDIOS DE PARO...

Esta entrevista prodúcese na terceira semana de xaneiro de 1998, cando en Francia tiveron lugar as grandes mobilizacións dos parados, que provocaron unha fonda conmoción en Francia; cando o Goberno de Jospin presentaba no Parlamento o proxecto de lei da semana de 35 horas sen reducción de salario e concedía ós parados, co fin de dete-las súas mobilizacións que diminuíron a súa popularidade nas enquisas, melloras no subsidio de paro, etc.

P.- ¿É vostede favorable a un aumento dos subsidios de paro, das axudas ós parados?

R.- Non son favorable. Unha vez máis, trátase de ataca-los síntomas do paro e non as causas estructurais: os mil millóns de francos desbloqueados polo Goberno non conseguiron baixa-la febre. O aumento do subsidio do paro dará lugar a efectos perversos. Ademais do seu impacto negativo nas cargas sociais obligatorias, esta alza virá altera-la escala das remuneracións. Se a separación entre o salario mínimo (SMIC) e o subsidio do paro é moi pequena, a busca de emprego verase debilitada. A inserción laboral, desta maneira, non se verá suficientemente incitada, en contra do que proclaman os ministros concernidos.

O problema de fondo é o da competitividade do emprego, especialmente dos menos cualificados. O Goberno anterior alixeirara as cargas sociais coa intención de ir xeneralizando esta medida de forma progresiva. O Goberno de Jospin, ó aumenta-los subsidios de paro, ó destina-lo esencial dos recursos ó emprego da moideade e ó paso ás 35 horas semanais, fixo unha elección en sentido rigorosamente inverso. O que deploro.

P.- A CNPF deu a entender que podería abandona-los organismos paritarios. ¿Pensan vostedes cuestionalos?

R.- O fundamento do verdadeiro "paritarismo" reside na capacidade dos interlocutores sociais para asumi-la responsabilidade dos organismos e os fondos que están ó seu cargo. O cal implica que o Estado debe limitar, ó mínimo, o seu poder de intervención. O que non sucede na Caixa Nacional do Seguro de Enfermidade (CNAM) onde se dá un "*ménage à trois*" posto que, xunto ás organizacións patronais e sindicais, o Estado é omnipresente. ¿Quen reparte o importe global votado polo parlamento?, ¿quen dispón dodereito de veto sobre calquera decisión do CNAM?: o Estado.

Esta constatación compártena os sindicatos, especialmente a CFDT, que é a que ten a presidencia do CNAM. A continuación dos empresarios da CNPF neste organismo será posible sempre e cando o "paritarismo" se vexa lexitimado por unha

clarificación das responsabilidades e por un retroceso do control do Estado. Fago un chamamento ós sindicatos para que, xuntos, fagamos forza , co fin de que a nosa xestión paritaria sexa unha realidade.

P.- ¿Pensa que o seu chamamento será secundado polos sindicatos?

R.- Estou pola existencia de sindicatos fortes, responsables, capaces de dialogar sen a muleta, sen a protección do Estado. Se os asalariados están cuestionando a lexitimidade dos sindicatos para representalos, débese a que o diálogo social foi debilitado en beneficio do Estado que, dende hai tempo, confiscou o poder de iniciativa, arbitraxe e decisión. E iso co consentimento tácito dos interlocutores sociais que, á súa vez, foron usuarios-beneficiarios e víctimas do Estado

P.- ¿Para vostede, o paso á semana de 35 horas non é un avance social?

R.- Na actualidade, o avance social esencial sería a reducción do paro. Sen embargo, co paso ás 35 horas, dáse unha maior posibilidade de que se destrúan máis empregos que os que se van crear. Se, desgraciadamente, esta lei vai ser votada de forma positiva, numerosas ramas veranse forzadas a cuestiona-lo contido dos seus convenios colectivos. Esta adaptación dos convenios podería dar lugar a tensións sociais³⁰.

P.- ¿Non está facendo o xogo clásico da CNPF: ennegrecer sen limitacións o cadre, o panorama?

R.- Non o crea, hoxe este xogo de roles está superado. O proxecto de lei das 35 horas é inaplicable. Tomémo-lo exemplo dunha pequena empresa téxtil. Se se dá o paso ás 35 horas, para asegura-la mesma produción, a empresa non podería recorrer a un segundo equipo de traballo que a situaría nunha situación de superproducción. Esta empresa tería ou ben facer funcionar 35 horas por semana máquinas que previra amortizar con 39 horas ou ben aumenta-los efectivos e o parque de máquinas, e así soporta-la produción igual cun aumento da masa salarial e cun sobrecusto de investimento. A empresa podería, tamén, recorrer ás horas suplementarias, pero requiriría 180 horas por ano, mentres que o texto establece mantelas en 130.

P.- ¿Sería aceptable para vostede o texto de lei cun aumento do continxente de horas suplementarias?

R.- Non, pois para esta empresa de man de obra, o sobrecusto sería de arredor do 15%. Nón se negocia o que non é negociable, o que non é aplicable. A redución do tempo de traballo, con fins cualitativos, podería ser un obxectivo loable se

³⁰ *N.T.:* Hai que sinalar que desde 1995, en que en Francia teñen lugar grandes e duradeiras mobilizacións, tensións sociais como as que xerou a folga dos funcionarios, sucedéreronse numerosos conflictos sociais: o dos camioneiros, o relativo á destrucción dos productos agrarios españoles que pasan por Francia, o dos emigrantes, o dos SDF, sen domicilio fixo, sen teito, o relativo á violencia nos suburbios —que é praticamente crónico dun tempo para acá—, etc., etc. ata as fortes mobilizacións dos parados, en decembro do 97 e xaneiro do 98. O que, no marco do aumento do paro en Francia, dun débil crecemento deste país no contexto europeo e internacional, da existencia de significativas bolsas de marxinación..., pon de manifesto a existencia no gran país francés dunha forte fractura social que coincide, ademais, co aumento do pesimismo social en amplas capas do país, coa suba do racismo, a xenofobia, do partido de extrema dereita de Le Pen...

estivesemos nunha situación de pleno emprego. O que non é, desgraciadamente, o caso. Este texto, ademais, cae nun momento moi pouco oportuno pois o crecemento pode ser máis débil do previsto, en razón da crise asiática.

P.- ¿Non cre vostede na porcentaxe de crecemento do 3% para 1998?

R.- A crise asiática vai exacerba-la agresividade dos industriais destas rexións e activa-las tendencias deflacionistas. Nós non estamos ó abrigo dunha reacción dos EE.UU. que, para preserva-la súa competitividade, xogaría co dólar. E, ademais, está o euro. O primeiro de maio de 1998 fixaranse as paridades. Cada país poderá compara-los verdadeiros factores de competitividade, especialmente nos campos fiscal ou social, sen esperar a poder compensalos polo xogo da súa moeda³¹.

P.- O paso ás 35 horas permitirá tamén modifica-la organización do traballo e avanzar cara á flexibilidade...

R.- Un certo numero de empresas, en efecto, teñen interese en avanzar cara á consecución dunha maior flexibilidade, pero cada unha nun marco diferente, o que require unha negociación na empresa ou na rama/sector empresarial correspondente. Sen embargo, con esta lei, o Goberno substituíu, suplantou ós interlocutores sociais, reduciu a súa capacidade de diálogo, co risco que iso supón de multiplicar os conflictos.

P.- ¿Como valorou vostede a frase de Lionel Jospin: renunciarei ás 35 horas cando os empresarios renuncien ós licenciamientos?

R.- ¿Acaso quere o primeiro ministro impoñerles ás empresas francesas o modelo xaponés de hai 20 anos?, ¿o emprego de por vida? Non comprendo moi ben este reproche do primeiro ministro. Tal vez haxa que incluílo no capítulo, recentemente aberto, de lamentacións, de arrepentimentos³²...

O LIBERALISMO E A SOCIALDEMOCRACIA VISTA POR DOUS MINISTROS ECONÓMICOS

Entrevista, man a man, entre Alain Madelin, liberal proclamado, que foi ministro na área de economía do Goberno de centro dereita de Balladur, e o economista Dominique Strauss-Kahn, actual ministro de Economía co Goberno de Unión da Esquerda do socialista Jospin

P.- Alain Madelin, ¿que é ser liberal hoxe?

Madelin.- É ter máis ca nunca confianza no home, na súa capacidade de iniciativa, na súa liberdade e responsabilidade. O século XX foi o da gran potenciación dos estados e do poder das burocracias. Á civilización da fábrica sucede hoxe a do saber. Por iso, é preciso ter máis confianza no home ca no estado.

³¹ N.T.: Como pode facer EE.UU. co dólar e como se facía antes en Europa con desvalorizacions competitivas.

³² N.T.: Refírese o vicepresidente dos empresarios a que o primeiro ministro Jospin, despois de equiparar no Parlamento "á dereita cos partidarios, no século pasado, do escravismo e cos contrarios a Dreyfus, cos *antidreyfusards*, o que provocou o abandono dos escanos por parte dos parlamentarios franceses de centro dereita e duras protestas, fixo, rapidamente e en toda regla, unha adecuada rectificación das súas palabras.

P.- Dominique Strauss-Kahn, ¿cal é a súa definición da socialdemocracia hoxe?

Strauss-Kahn.- O que marcou un progreso na organización da sociedade humana dende a revolución industrial é a idea de que é necesario formar unha alianza entre iniciativas individuais e ambicións colectivas. A socialdemocracia foi, nun momento da historia, unha forma desta alianza que foi tan potente que se impuxo praticamente sobre tódolos discursos. Hoxe pódense atopar outras modalidades. O home debe, por suposto, desenvolve-la súa capacidade de creación, pero debe tamén facelo nun contorno que lle dea seguridade e non nun mundo no que, cunha espada nos riles, trate de sobrevivir.

Madelin.- Eu tamén quero conxugar seguridade e liberdade. Pero as seguridades de onte convertéronse nas inseguridades de hoxe. O estatismo acumulou rixideces que fan pensar nas coirazas dos cabaleiros de Azincourt. Críase que as coirazas servirían para protexelos das frechas, sen embargo foron os arqueiros os que gañaron. A necesidade de seguridade compárta e sintó os dramas sociais que nacen da extrema precariedade. Os liberais sempre asociaron a liberdade á necesidade de seguridade. No século XIX, foron os responsables das primeiras institucións de solidariedade: das caixas de aforro, das bolsas de traballo, dos seguros de saúde... Esta é a miña herdanza.

Strauss-Kahn.- Sempre houbo fases de liberalismo xunto a longos períodos nos que as formas das organizacións colectivas se impuxeron. Cada 20, 30 anos, estas formas de organización teñen necesidade de renovarse, e durante o tempo que dura esta renovación prodúcese unha fase de desorganización social á que se denomina liberalismo. Trátase da época en que reina o individualismo. O que é necesario cambiar son os modos de organización, pero non o principio de organización colectiva.

Madelin.- O conflicto non está entre a liberdade e a organización, senón entre a organización estatista e a organización contractual. Collámolo exemplo dos retirados. Este formidable sistema foi elaborado nun período de inflación, no que o aforro estaba hipotecado, e nun momento de forte dinámica demográfica. Hoxe a inflación está superada e o problema demográfico segue vixente. Non dicírlle-la verdade ós retirados é preparar un mañá difícil. Implicámonos na vía dos fondos de pensións, pero o expediente segue aberto.

Si, efectivamente hai períodos de adaptación e de posta en cuestión da orde antiga, nos que se trata de inventar algo novo. Hoxe estamos ante un deses períodos. É preciso atopar novas formas de organización, pero que veñan de abaxo e non impostas dende arriba.

Strauss-Kahn.- Vostede confunde organización estatista e organización contractual. A Seguridade Social é de orde contractual. O que critica Alain Madelin é a organización.

Madelin.- Eu opónome ó sistema americano, dominado polos seguros privados, así como ó sistema estatista á inglesa. Son partidario dun "paritarismo" renovado, máis ben do tipo do modelo alemán. Vostede prefire que gasten os burócratas

tas en lugar das xentes, pois, segundo vostedes, saben máis ca eles, saben facelo mellor.

Strauss-Kahn.- En absoluto. Nós queremos resolver pola colectividade e a solidariedade un certo número de problemas como os da saúde, a xubilación. O que queren vostedes é que cada un, só, resolva os seus propios problemas.

Madelin.- Entre os dous, para iso témo-lo seguro obligatorio.

Strauss-Kahn.- ¿Está vostede a favor?

Madelin.- Por suposto. Por outra parte, se eu non obrigase á xente a asegurarse, co tempo acabarían converténdose nunha carga de asistencia para o Estado. É no que se basea a obriga liberal do seguro...

Strauss-Kahn.- ¿Acaso, se está vostede volvendo un socialdemócrata?

Madelin.- No marco dun sistema obligatorio. Pero hai varias formas de administrar un sistema de seguro obligatorio. Ben por medio dunha xestión monopólistica, ben favorecendo caixas de seguros que compitan, como en Alemaña, e que lles dean ós asalariados a posibilidade de elixi-la caixa que mellor xestione.

P.- Segundo no marco do estado-providencia, do estado do benestar, falemos agora do emprego.

Strauss-Kahn.- Collámolo a liberdade de emprego que propón Alain Madelin. Esta nunca creou empregos. Nunca foi tan grande: o 80% dos asalariados son empregados baixo un contrato de duración determinada. O que conduce a unha empresa a雇用 persoal débese a que hai unha demanda que satisfacer. Cando vostede reclama a liberdade de emprego en realidade o que vostede quere é a liberdade de despidimento, para licenciar. Pero esta, a liberdade de despedir, tamén a ten vostede.

Outro exemplo é o dos tipos de xuro. Durante anos, díxosenos que debían baixar para que as empresas investisen. Os tipos baixaron e as empresas non investiron. Debido, volvo repetilo, a que non hai demanda. Hoxe debemos atopar novos sistemas colectivos para darlle a cada un a seguridade que require fronte ás mutacións tecnolóxicas, e ante este gran proxecto que é a construción de Europa. Nos dous casos, correspondelle á colectividade nacional da-la resposta necesaria.

P.- ¿A que se refire vostede?

Strauss-Kahn.- Cando un parado atopa un emprego no outro extremo do país, ou en Europa, é preciso que poida partir sen perde-lo todo, sen perder-lo que tiña como, por exemplo, a casa. Neste sentido, deben desenvolverse mecanismos bancarios. Isto ten un custo, e correspondelle á colectividade asumilo.

Madelin.- En absoluto.

Strauss-Kahn.- É dicir, vostede cre que o mercado pode, el só, asumi-la mobilidade. En EE.UU. é así. Pero a contrapartida, é a precariedade e a pobreza para millóns de persoas.

Madelin.- A precariedade témola nós en Francia, pero non témo-la mobilidade. Para favorecela é preciso rebaixa-los dereitos de traslado ou mutación e desenvolve-lo mercado dos préstamos hipotecarios. Dominique Strauss-Kahn cre que o

aumento da demanda resolverá os nosos problemas económicos. É un profundo erro. Trátase dunha visión arcaica, unha prolongación das ideas keynesianas. Hoxe o problema vén da ausencia de innovación, vén da oferta. O progreso vén, hoxe, da creatividade, da materia gris, da invención de novos productos, dunha nova maneira de facer. A clave do éxito é a innovación, veña dun pequeno emprendedor ou dun grande. Polo tanto, é necesario favorece-lo risco. Pero deixemos que sexan os emprendedores quen o asuman. É necesaria a flexibilidade no emprego.

P.- Pero, se xa a hai.

Madelin.- Non. Nós témo-la posibilidade de elixir entre un contrato de duración limitada ou un contrato de duración ilimitada, a elección entre a extrema precariedade e a extrema rixidez.

Strauss-Kahn.- Está claro que todo o mundo quere apoiar, soste-la innovación.

Madelin.- Non se trata só de soste senón de libera-la innovación, de ¡¡liberar!!

Strauss-Kahn.- É unha visión moi franco-francesa a de crer que abonda con te-la mellor tecnoloxía para te-los melhores mercados. Concorde supuxo unha mabillosa tecnoloxía e foi un fracaso pois non tiña mercado. A innovación non dá resultados en termos de emprego máis que cando é capaz de responder a unha demanda ou crear unha nova.

Madelin.- Eu no podo consumir a non ser que producira antes algunha cousa. O acto da oferta é fundamental, o traballo é primordial.

Strauss-Kahn.- Non ten ningún sentido oponer a oferta e a demanda. Son necesarias as dúas. En canto ós riscos, estou convencido de que se asumen unha vez que se tomaron as debidas garantías. Un automobilista asumirá riscos se ten un airbag e un cinto de seguridade, senón non os tomará³³. Na sociedade, é parecido³⁴. A continuación hai unha serie de campos nos que non se asumen riscos. Nos temos hoxe en Europa unha empresa que fai compoñentes electrónicos: SGS-Thomson.

Madelin.- Creeina eu cando fun ministro de Industria.

Strauss-Kahn.- Pode ser, pero cando eu o sucedín a vostede, se non me bato para fornecerlle a esta empresa miles de millóns procedentes dos capitais públicos, debido a que os capitais privados no querían asumir riscos, esta empresa desaparecería. Hoxe é un formidable éxito. Cando o capitalismo non permite o desenvolvemento, é preciso que o Estado o substitúa.

Madelin.- Eu busco, en primeiro lugar, reparar o sistema para que funcione.

³³ N.T.: Francia, despois de Turquía, Grecia, Portugal e España, é un dos países occidentais que ten máis accidentes de tráfico.

³⁴ N.T.: Está claro que a noción que ten do risco o jeconomista!, o ministro de Economía Strauss-Kahn, é de alguém que como funcionario non tivo moitos riscos que asumir na vida. Ten bastante que ver coa concepción, coa cultura funcionalista tan arraigada en Francia... Pero tan arraigada na esquerda como na dereita cos extremos incluídos; arraigada no arco político, económico, comercial, parlamentario, universitario, intelectual, cultural, artístico... Di Strauss-Kahn e outros moitos franceses: riscos siiii, ¡pero cunha boa rede do Estado!, cunha boa rede por debaixo, por arriba, polo medio, ¡partout! Así asume riscos calquera. Así lle vai a Francia últimamente, nos 80, 90..., con Giscard, Mitterrand, Chirac... A clase dirixente francesa procede, na súa práctica totalidade, do Estado, do funcionariado, das grandes *écoles*... A nobreza de sangue viuse continuada pola nobreza de Estado.

Strauss-Kahn.- Hai máis de século e medio que os liberais din o mesmo. E felizmente, hai un século e medio que as sociedades fabricaron o que vostedes, os liberais, denominan muletas, pero que pura e simplemente se trata do aceite que fai funciona-la mecánica. Vostedes non poden dicir que é necesario recorrer ó Estado cando se esgotaron as outras solucións. Francia non ten bastantes emprendedores capaces de asumir riscos. Polo tanto, ou ben o Estado pode ofrece-la súa iniciativa e substituí-las carencias dun mercado que desfalece, ou renuncia, tira a toalla. No caso de que os mercados non funcionen é preciso que o Estado poida intervir.

P.- Alain Madelin, ¿o Estado, para os liberais, ten un papel que desempeñar en materia de política industrial?

Madelin.- Eu non teño da economía un concepto contable. A economía para mim son os homes e as mulleres en primeiro lugar —máis ou menos incitados polas regras de xogo, as institucións, a fiscalización, a recompensa e o esforzo— que dan proba de iniciativa, de innovación, de emprego. Acaso, señor Strauss-Kahn, na súa demarcación hai un señor que puidera se-lo Bill Gates do ano 2005. ¿Acaso sería incitado a permanecer en Francia ou tería que emigrar? Eu quero que se quede en Francia. En moitos países isto resólvese fiscalmente. Permíteselles a persoas que teñen un pouco máis de diñeiro ca outras achegalo para a creación de pequenas empresas. É moito mellor isto que conseguir máis diñeiro por medio de impostos suplementarios que sería distribuído por burócratas entre grandes sociedades públicas como Crédit Lyonnais.

Strauss-Kahn.- Estou de acordo coas modalidades fiscais que favorezan a creación de empresas. Pero isto non resolve a totalidade do problema. Hai, hoxe, 500.000 persoas conectadas a Internet en Francia e 30 millóns nos EE.UU. ¿Estamos de acordo en que a educación nacional se beneficie dos fondos necesarios para que os nosos nenos aprendan as tecnoloxías novas?

Madelin.- É o que fixen eu na miña demarcación.

Strauss-Kahn.- Moi ben. Daquela, vostede non pode dicir que hai que diminuí-lo gasto público drasticamente e deixa-lo mercado que actúe en solitario.

Madelin.- Claro que non. A cada un o seu papel. O do mercado é baixa-los prezos dos ordenadores. Dito isto, observo que en Francia a parte dos gastos de funcionamento nos orzamentos de educación nacional é demasiado elevada con relación ó investimento.

P.- ¿Vostede quere reducir drasticamente o número de ensinantes?

Madelin.- Non, é necesario reducir globalmente o número de funcionarios, como fan tódolos países. "Menos funcionarios, pero mellor pagados", dicía Pierre Bérégovoy³⁵. Todo depende dos sectores. Ademais, hai que recrutar menos rápido mentres que non haxa xubilacións. É preciso crear un status de mobilidade interna na función pública. De maneira xeral, prefiro a xestión por medio da reforma, que a xestión de tipo orzamentario.

³⁵ N.T.: Foi primeiro ministro do partido socialista.

Strauss-Kahn.- ¿Vostede pensa na práctica de Alain Juppé?³⁶

Madelin.- O que conta é menos gasto público que a súa parte na riqueza nacional. Temos un vehículo cun chasis demasiado pesado. Podemos, ou ben cortar polo chasis, ou ben aumenta-la talla e o réxime do motor. O meu obxectivo é aumenta-la talla do motor.

Strauss-Kahn.- Todo o que é público non é por definición unha carga morta. Non se pode afirmar que unha economía con moito gasto público sexa ineficaz. O importante é saber se os servicios rendidos o son a menor custo.

Madelin.- Facilitar servicios a menor custo, isto chámase concorrencia.

Strauss-Kahn.- Non é exacto. Hai servicios que non son facilitados polo sector privado. Dende hai un século e medio, as nosas economías desenvolvérónse formidablemente pois contouse con servicios públicos: as estradas, a electricidade.

Madelin.- En Francia, é moi curioso, confiouste as estradas ó servicio privado. E o Estado construí os coches...

Strauss-Kahn.- Os países en vías de desenvolvemento teñen un nivel débil de servicios colectivos. En cambio, a revolución industrial está feita cunha parte crecente de gastos públicos. Non se trata de aumentalos sen límite. Mirémo-la súa eficacia en lugar de afirmar de maneira dogmática que a salvación virá da súa reducción.

Madelin.- De acordo. Coa reserva de que sómo-lo país onde a súa parte é a más elevada de tódalas grandes nacións industriais. Representa o 56% da actividade. E, sen embargo, témo-lo paro, a precariedade e, incluso, a pobreza. Se vostede está satisfeito, ¡bravo! É xustamente o que eu quero cambiar.

Strauss-Kahn.- Non hai que confundir gastos públicos e redistribución. As cargas fiscais e sociais representan o 45% do producto interior bruto. Pero, sobre este total, ¿cal é o peso dos gastos públicos? Non máis do 25%, dos cales o 18% se destinan ó estado e o 7% ás colectividades locais. O resto é a redistribución e, especialmente, a Seguridade Social.

Madelin.- O que é seguro, é que se pode cambia-lo perímetro do Estado. Non me satisfai unha situación na que o total dos gastos para a seguridade e a policía é igual á factura anual do Crédit Lyonnais, máis o GAN e o crédito hipotecario. Si, claro que houbo unha mala utilización do diñeiro dos franceses.

Strauss-Kahn.- O pensamento liberal é un pensamento demasiado simple, que compara o prezo do Estado e a maneira coa que a dona de casa xestiona o seu orzamento. Vostede di: o Estado non funciona ben e propón reducilo en lugar de preguntarse cómo facelo funcionar mellor.

Madelin.- Co risco de ser simple, diría que o Estado, ó igual que unha dona de casa, non pode gastar máis do que gana. Os ecoloxistas teñen razón de falar dos dereitos das xeracións futuras. As débedas de hoxe son os impostos das xeracións futuras.

³⁶ N.T.: Juppé foi primeiro ministro do centro dereita con Chirac de presidente.

Strauss-Kahn.- ¿Está vostede de acordo cando menos coa idea de que os déficit públicos financiados por débeda están fundados se serven ó investimento?

Madelin.- O Estado está na situación dun fogar que ten 250.000 francos de débeda, 10.000 francos de gastos mensuais e 8.000 francos de ingresos. Atópome en mala situación para defende-lo endebedamento público. Pero estou de acordo con vostede que, en certos casos, é preciso distingui-los gastos de investimento e os de funcionamento.

Strauss-Kahn.- Un exemplo de malgasto: o contrato iniciativa-emprego, unha proposición da campaña de Jacques Chirac: 20% só das sumas asignadas permitiron reais creacións de emprego. Custo: 18.000 millóns de francos.

Madelin.- Bo exemplo. Eu estaba por un contrato de iniciativa-emprego (CIE) reservado á creación de actividades novas. Vostede coñece esta historia, ¿verdade?, lémbrolla: ¿que é un camelo? Pois un camelo é un cabalo que foi deseñado por unha comisión. Non atopo no que vostede me dixo nin o meu cabalo nin a miña CIE. Opónome a unha baixa indiscriminada das cargas sociais. Francia non ten un problema global de custo de traballo. Francia ten unha das primeiras productividades no mundo. En cambio, temos un problema sobre un certo número de empregos de débil valor engadido, que efectivamente nos custan máis do que nos ofrecen. Non obstante, subvencionar empregos non crea empregos, non fai máis ca desprazalos.

Strauss-Kahn.- Subvencionar empregos de proximidade para os xoves como nos propoñemos, ¿parécelle a vostede unha boa idea?³⁷

Madelin.- Non é necesario facer unha proposición xeral para crear unha función pública de terceiro nivel.

Strauss-Kahn.- Iso non é o que nos propoñemos. Ós 700.000 xoves que están hoxe na marxinación-precariedade-desemprego..., que "galèrent", nós propoñémoslles traballo no que a metade dos empregos se destinarán ás empresas. O emprego público representará 350.000 que se cubrirán polas colectividades territoriais (concellos, departamentos...) e o Estado, e serán financiados pola reutilización das axudas ó emprego.

Madelin.- Vostedes aumentan así o perímetro da función publica. E non crean verdadeiros empregos en verdadeiras empresas.

Strauss-Kahn.- Son verdadeiros empregos. Vostede busca un ideal que non atopará. Eu quero solucionar problemas concretos.

Madelin.- ¿É preciso utilizarlo diñeiro público? Si. Pero, mellor que desenvolver empregos parapúblicos, prefiro apostar pola creación de empresas. O custo dun emprego estable xerado a través da creación de empresas corresponde a unha media de investimento de 60.000 ou 70.000 francos. Propoño incluso un obxectivo

³⁷ N.T.: Refírese a unha das propostas estrela de Jospin: o primeiro ministro socialista francés, en setembro do 97, presentou un proxecto de lei para a creación polo Estado de 350.000 empregos destinados ós mozos no sector público e no sector non lucrativo. Trátase da primeira fase da creación dos 700.000 empregos prometidos por Jospin na campaña electoral. O resto teñen que crearse nas empresas.

realista: un millón de novas empresas de aquí ó 2000. Pódese investir nunha película por medio dos fondos Sofica ou nun barco ás Antillas, gracias á lei Pons, pero non nas empresas. Temos, polo tanto, necesidade dunha fiscalización que fomente o investimento e o risco. O aforro destinado á creación de empresas debe poder facelo libre de impostos.

Strauss-Kahn.- Se non hai demanda vostede pode ofrecer todo tipo de vantaxes fiscais, que ninguén investirá.

Madelin.- O investimento non vén da demanda. Ofrézoché esta bonita frase de Nicolet Notat: "*Gutenberg non esperou a que houvese un mercado do libro para inventa-la imprenta*"³⁸.

Strauss-Kahn.- Certamente, pero os impresores que se instalaron despois de Gutenberg fixéreronlo, pois había unha demanda para os libros impresos e diñeiro para mercalos.

Madelin.- A oferta precede á demanda. Non coñezo por adiantado a demanda que haberá para o libro que publicarei, e accepto un risco editándoo.

Strauss-Kahn.- Non, a oferta non precede á demanda. Nós temos hoxe no noso país un déficit considerable en materia de demanda.

Madelin.- Contesto, rexeito esta visión arcaica das cousas. Para ser máis concreto, se decido traballar un pouco máis e o Estado me confisca un 80% deste traballo suplementario, estarei menos incitado a facelo a non ser que o Estado só me tome o 30%...

P.- Algúns consideran que vale máis ter empregos, incluso mal pagados, ca un paro ben indemnizado.

Madelin.- O mundo móvese. O novo crecemento implica formas novas de contratación laboral e de empregos. En certos casos, cando non é necesario estar presente oito horas por día para executar tarefas mecánicas, pódese substituí-lo contrato laboral tradicional por un contrato de resultado, é dicir, por un contrato comercial. O contrato de prestación dun traballador independente é unha destas formas. Permite responder á evolución da sociedade. Dalgunha maneira, poderíamos falar de autoxestión da súa vida.

Strauss-Kahn.- Señor Madelin, ¿está vostede propoñendo queima-lo Código de traballo?

Madelin.- Propoño substituír, cada vez que se poida, a regulamentación polo contrato. Hai disposicións moi ríxidas que datan doutra época. Anteriormente falara de medo a empregar. Hai, tamén, por parte dos xefes de empresa, un medo ó salario. Se eu aumento o salario e o meu caderno de encargos, de contratacóns,

³⁸ N.T.: Nicolet Notat é a secretaria xeral do sindicato de inspiración socialista e cristiá CFDT e presidenta de UNEDIC, o órgano que xestionou paritariamente os empresarios o subsidio de desemprego. Este órgano e as súas sucursais foron ocupados polos parados que se mobilizaron activamente en toda Francia a finais do 97 e principios do 98, o que tivo un grande eco en Francia e internacionalmente, obrigou ó primeiro ministro Jospin a facerelle importantes concesións e supuxo unha importante baixada na alta cota de popularidade que tiña nas enquisas. As mobilizacións dos parados franceses tiveron eco en Alemaña, en Italia, en España..., onde os parados levantaron a súa voz, levaron a cabo diversas accións...

baixou, desinflouse, ¿que pudo hacer? É necesario desenvolver fórmulas más libres de reparto dos beneficios e de participación.

Strauss-Kahn.- Tratémo-la cuestión do tempo de traballo, pois, na miña opinión, ofrece pistas para resolve-la crise. Se na actualidade temos un paro superior ó dos nosos veciños, débese especialmente, aínda que non só, a que, dende hai quince anos, a reducción do tempo de traballo non se fixo³⁹.

Madelin.- É totalmente falso. Non se pode dicir que se traballe máis en Francia ca noutras partes. Se se toma a duración da vida ou a duración anual do traballo, estamos nun país industrial no que a vida activa é a máis breve.

Strauss-Kahn.- O problema non é a duración do traballo, senón a súa evolución. É a que absorbe as ganancias da productividade. Nun país no que estas ganancias son do 2,5 ó 3% tódolos anos como media e no que a produción non aumenta moito, é preciso poñer en marcha a reducción do tempo do traballo.

Madelin.- É dicir, segundo vostede ¿poderase traballar menos, dar máis salario e ter máis empregos, mentres que os outros países actúan á inversa? Estou admirado. Teño verdadeiras ansias de verles poñer en práctica este sistema.

Strauss-Kahn.- Falso, en tódolos países o tempo de traballo baixa. Só nos resta a nós relanza-la reducción do tempo de traballo.

Madelin.- A idea abstracta e dogmática da reducción semanal do tempo de traballo é fondamente arcaica. É preciso introduci-la flexibilidade na duración do traballo. Se modificámo-la organización do traballo, podo facer traballar un pouco máis ás máquinas e un pouco menos ós homes, o que está moi ben. Tamén está moi ben organiza-lo traballo para todo o ano. E se hai unha ganancia colectiva, esta debe ser compartida baixo a forma de salario suplementario ou de reducción do tempo de traballo. Pero deixe vostede que as cousas evolucionen por elas mesmas.

Strauss-Kahn.- A evolución das cousas pon de manifesto que non pasa nada no noso país sobre este asunto.

Madelin.- O papel dun partido político é o de crea-la liberdade necesaria para deixar ás xentes arranxa-los seus propios asuntos, como o dicía moi xustamente Henri Tolain, o pai do movemento sindical francés.

P.- Tal e como están as cousas actualmente, non se sabe se hai verdadeiros liberais e se aínda hai socialdemócratas. Daquela vostede, señor Alain Madelin, ¿que atopa de aceptable na socialdemocracia? e vostede, Dominique Strauss-Kahn, ¿con que se quedaría das experiencias liberais?

Madelin.- *DÉANME PARA FRANCIA O PROGRAMA DE TONY BLAIR E DO PARTIDO LABORISTA BRITÁNICO. EU SON MOITO MÁIS MODERADO CA ELES.*

³⁹ N.T.: Sobre este asunto do emprego, a reducción do tempo do traballo... en Francia e outras partes, véxase na sección "documentos" desta revista, o artigo antes citado, M. Cancio: "O "Progreso" e o drama do emprego. Traballar ou non traballar e cómo. Áf está a cuestión", *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 1, (1996), pp. 287-194.

Strauss-Kahn.- Quen o diría, ¡Alain Madelin disposto a votar polos laboristas en Gran Bretaña!

Madelin.- Non polos socialistas en Francia. O mundo enteiro acepta o paradigma liberal. Este non corresponde nin á esquerda nin á dereita, pois tanto hai estatistas de dereita como de esquerda⁴⁰. O liberalismo é outra maneira de ve-las cousas.

Strauss-Kahn.- Vostede non é o propietario da economía de mercado. Esta non se reduce ó paradigma liberal que consiste en deixar a cada un que se apañe como poida. A socialdemocracia é actuar de tal maneira que a colectividade trate de compensa-las debilidades, os erros do mercado cando estes existen. E todos sabemos que existen.

BREVE RECENSIÓN DALGÚN DOS DEFENSORES DO LIBERALISMO E DO INTERVENCIONISMO

DEFENSORES DO LIBERALISMO

♦ ADAM SMITH (1723-1790)

É o pioneiro do liberalismo. Para este autor, o motor principal do crecemento é a liberdade de emprender. O afán de lucro e a libre competencia son os mellores principios para organiza-los mercados. Isto ten que levarse a cabo dentro dos principios, "no marco da virtude". O papel do estado debe se-lo de xendarme. En 1776, enuncia a teoría da "man invisible", segundo a cal un axente que busca satisfacer-lo seu propio interese é o que mellor contribúe a satisfacer, á vez, o interese xeral. Véxase neste sentido a obra de M. Olson: *The Logic of Collective Action: Public Goods and the Theory of Groups*. Harvard University Press, 1965; *The Rise and*

⁴⁰ N.T.: Véxanse neste sentido a esclarecedora obra do moi prestixioso sociólogo Antony Giddens, actual director da London School of Economics (LSE), un dos principais asesores de Blair, *Mas allá de la izquierda y la derecha. El futuro de las políticas radicales*. Cátedra, 1996; e Sir Roger Douglas: "El arte de lo posible. Una apuesta por el liberalismo", *Expansión*, (16, 17, 18 decembro 1998). Traducción da contribución do ministro laborista de Economía de Nova Celandia, que en 1984 propuxo un programa de reformas radicais coa intención de converte-lo seu país no país máis libre economicamente do mundo. Dende o primeiro momento, Roger Douglas e un pequeno grupo de dirixentes do Partido Laborista tiveron que facer fronte a innumerables intereses creados e a arraigadas situacions de dependencia do Estado, ademais de vence-la oposición interna do seu propio partido. Fíxoo con tanta efectividade que anos despois nin un só dos puntos centrais da súa revolución en favor da liberdade do mercado foi discutido. Sir Roger Douglas explicou en Liberty a súa actuación e propuxo un modelo de aplicación xeral para levar a cabo a liberación da economía e así poder crear riqueza e redistribuila. En España traduciu esta achega *Nueva Revista* que foi retomada por outras publicacións. A contribución de Sir Roger Douglas tivo unha ampla repercusión internacional. E tamén. V. Beck, A. Giddens e S. Lash: *Modernización reflexiva*, Alianza, 1994, onde se inclúen apartados como os seguintes: "La reinvención de la política"; "Más allá de la derecha y la izquierda"; "Política de vida-y-muerte"; "Vivir en una sociedad postracial"; "Elecciones y decisiones", etc.; F. Flórez, "Progresistas y emprendedores", *El País*, (19/01/98), pp. 13-14 —Flórez foi ministro de Economía de Chile con Salvador Allende e preside Bussiness Design Associates. Neste importante artigo, o autor reivindica a figura do empresario-emprendedor, do actor autónomo e creador de riqueza que contribúe como tal a unha sociedade más xusta, e critica a unha esquerda ancorada en análises superadas e erradas—; R.B. Reich, "Economía abierta y cohesión social", *El País*, (16/01/98), pp. 10-11. Reich foi secretario de Traballo de EE.UU con Bill Clinton dende 1993 ata 1996.

Decline of Nation: Economic Growth, Stagflation, and Social Rigidities, Yale University Press, 1982.

♦ DAVID RICARDO (1772-1823)

Ricardo, que continúa as propostas de Smith, oponse ás prácticas proteccionistas. A través da súa teoría das vantaxes comparativas, afirma que os países teñen interese en ser librecambistas a partir do momento en que os custos relativos de mercadorías son diferentes dun país a outro. Cada un ten interese en especializarse no dominio no que está *relativamente* máis dotado co fin de que a forza de traballo sexa utilizada da mellor maneira posible.

♦ LEON WALRAS (1834-1910)

Desenvolve o primeiro modelo económico xeral. Para el, todo é mercado: produtos, factores de produción, capital. Todo sucede como se un "taxador de su bastas" ficticio, que anuncia diferentes sistemas de prezos, fixese posible que se alcanzase o equilibrio da oferta e da demanda por poxas sucesivas. O que implica unha flexibilidade total dos prezos e dos salarios reais.

♦ FRIEDRICH VON HAYEK (1899-1992)

É un dos maiores defensores do individualismo metodolóxico. Bautizárono como o apóstolo do ultroliberalismo. Segundo este autor, os fenómenos sociais son o resultado de decisións individuais pero, como precisa el mesmo, son "o resultado da acción dos homes e non das súas intencións". Hayek, por esta razón, négaselles ós economistas toda posibilidade de poñerse ó servicio do goberno dos homes. Hayek rexeita a visión walrasiana do mercado onde a información circula perfectamente. Para el, o mercado é, sen ningún xénero de dúbidas, imperfecto pero, a pesar de todo, representa a mellor organización social, precisamente porque permite a acumulación de coñecementos. Hayek abriu, entre outras, unha vía de investigación sobre a información e o mercado.

♦ MILTON FRIEDMAN (1912-)

É o líder da escola monetarista de Chicago. Preconiza un control rigoroso da masa monetaria por parte dos gobernos para manter un crecemento non inflacionista e un contorno estable, favorable ós automatismos do mercado. Esta concepción do liberalismo inspirou as políticas reaganianas e thacherianas, así como as dalgúns países de América latina como é o caso, sobre todo, de Chile.

♦ ROBERT LUCAS (1937-)

Considera que os axentes son racionais e, por iso, anticipan as súas decisións tendo en conta as informacións coas que contan. Por isto, os mercados teñen naturalmente tendencia a axustarse por si mesmos, e fenómenos como o paro non son más que transitorios, ligados a distorsións puntuais. Para este autor, o estado é un

actor como os outros da economía. Este debe seguir unha política coherente e non intervencionista co fin de minimiza-los erros de anticipación.

♦ SIR ROGER DOUGLAS⁴¹

Roger Douglas, en 1984, propuxo un programa de reformas radicais coa intención de converter Nova Celandia no país máis libre economicamente do mundo. Dende o primeiro momento, Roger Douglas e un pequeno grupo de dirixentes do partido laborista tiveron que fazer fronte a innumerables intereses creados e a arraigadas situacions de dependencia do estado, ademais de vence-la oposición interna do seu propio partido. Fíxoo con tanta efectividade que anos despois nin un só dos puntos centrais da súa revolución en favor da liberdade do mercado foi discutido. Sir Roger Douglas explicou na publicación *Liberty* a súa actuación e propuxo un modelo de aplicación xeral para levar a cabo a liberación da economía e así poder crear riqueza e redistribuíla. En España traduciu esta achega *Nueva Revista*, que foi retomada por outras publicacións. A contribución de Sir Roger Douglas tivo unha ampla repercusión internacional.

♦ TEODORO PETKOFF⁴²

Petkoff pasou de defender coa pistola ó cinto, como guerrilleiro, o marxismo revolucionario e violento, a loita armada, a converterse, como ministro económico en Venezuela, nun defensor das políticas liberais e do rigor macroeconómico. Cre e defende que esta é a mellor maneira de crear riqueza e de mellora-las condicions de vida e traballo das xentes. Petkoff declarou: "*Pensábamos que la lucha armada daría paso al mundo de ideales que buscábamos; ahora comprendemos que fue un error*". O seu plan de reforma denominado "Agenda Venezuela", e consistente na aplicación de medidas impopulares como o aumento do prezo do combustible (asunto completamente tabú nun país petroleiro como Venezuela), dos impostos e dos servicios públicos, explicouno nos barrios marxinais coa linguaxe do pobo e utilizando termos do béisbol, que é o deporte nacional. Contribuíu a reducir drásticamente a inflación, conseguir taxas de crecemento do 5%, o maior volume de negocio da bolsa na súa historia, de reduci-lo paro ó 11% e unha mellora da cotización da moeda. Outro guerrilleiro que participou con el na loita armada, Pompeyo Márquez, figura no goberno como Ministro de Fronteiras.

Dentro do liberalismo económico e político, xurdiu unha corrente presente en Europa, nos EE.UU... que se declara de esquerdas e que está manifestando a súa influencia en diferentes gobiernos e ámbitos políticos, económicos, empresariais, universitarios, científicos, culturais, intelectuais... Unha mostra desta tendencia podería representala o portugués J.C. ESPADA, que foi esquerdista radical no seu

⁴¹ Ministro laborista de Economía en Nova Celandia en 1984.

⁴² 65 anos, exguerrilleiro venezolano, actual ministro de Planificación no goberno conservador venezolano de Caldera.

tempo e, despois, fundou en Lisboa o *Clube de Esquerda Liberal*. Espada é o autor de *Social Citizenship Rights. A Critique of F. A. Hayek and Raymond Plant*, con prefacio de R. Dharendorf. Mac Millan Press, 1995. Este libro é a tese de Espada lida en Oxford e que foi patrocinada por Popper e dirixida por Dharendorf, que foi director da London School of Economics. O autor de *Dereitos sociais da cidadanía*, que foi publicada en portugués en 1997, fai neste traballo unha crítica ó liberalismo puro e duro de Hayek e ó igualitarismo de Lord Plant, que foi rector da Universidade de Oxford e un dos teóricos do partido laborista inglés.

Pódense citar tamén como liberais de esquerdas a DENIS OLIVENNES, que foi colaborador directo dos primeiros ministros socialistas franceses Laurent Fabius e Pierre Bérégovoy; a PIERRE ROSANVALLON, que foi un dos primeiros que falou e escribiu sobre a "crise do estado do benestar"; a liberais reformadores como DANIEL COHEN, autor de *Riqueza del mundo, pobreza de las naciones* (sobre este autor véxase: "Hipótese sobre o desenvolvemento e as desigualdades", *Revista Galega de Economía*, vol. 6, núm. 1, (1997), pp. 357-362, sección "Documentos"), etc.

DEFENSORES DO INTERVENCIONISMO

♦ JOHN MAYNARD KEYNES (1883-1946)

Keynes impulsou a corrente do intervencionismo de estado que esta detrás da política expansionista dos "trinta gloriosos", do gran desenvolvemento internacional e especialmente occidental que ten lugar despois da Segunda Guerra Mundial. Keynes defende unha política económica activa, que ten como obxectivo central a loita contra o paro. O estado debe soste-la demanda dos consumidores e dos empresarios co risco, en caso de crise económica, de que aumente o déficit orzamentario (na *Revista Galega de Economía*, vol. 3, núm. 1, (1994) publicouse unha reacción da obra e vida de Keynes no apartado documental titulado: "Economía, literatura e arte", pp.195-205, onde tamén se inclúe un artigo do economista Donald McCloskey da escola de Chicago titulado "As metáforas da ciencia económica". Neste artigo o autor móstrase partidario dunha economía humanista que utilice as metáforas da literatura e doutras ciencias humanas e que vaia ó encontro de análises contrapostas, dos seus imaxinarios, de narracións, de retóricas, etc.

♦ DAVID GALBRAITH (1908-)

Para este economista, o estado debe, en primeiro lugar, loitar contra a inflación. O control da demanda pasa prioritariamente por unha política fiscal intervencionista que actúe por medio do aumento ou da diminución dos impostos. En caso de presión inflacionista, considera que é "mellor restrinxir o consumo por medio do imposto que por cortes drásticos dos orzamentos de asistencia social".

♦ MICHAEL AGLIETA (1938-)

É un dos fundadores da "escola da regulación". Frente ás actuais transformacións da economía, o estado non debe desaparecer senón que ten que reinventarse.

O estado, por medio das súas prerrogativas fiscais e orzamentarias, debe loitar contra a exclusión e definir, facer posible, a equidade social. Sobre a acción monetaria, o estado debe intervir para evita-los riscos inherentes á liberalización financeira.

◆ PAUL ROMER (1955-)

Este xove economista, fillo dun coñecido dirixente político do mesmo nome do Partido Demócrata americano, candidato ó premio Nobel de Economía, é o inventor do concepto de "crecemento endóxeno" e da teoría dos rendementos crecentes que, segundo el, fan posibles as novas tecnoloxías da información, a sociedade do coñecemento. O capital humano, a acumulación de coñecementos e a capacidade de innovación son os motores das economías modernas. O libre mercado non é necesariamente a única vía para fomenta-lo progreso técnico. A intervención dos poderes públicos é, pois, deseñable en campos como o educativo, a investigación e o desenvolvemento e no de infraestructuras. Agora ben, Romer critica o arcaísmo de Europa, de Francia, de Alemaña..., daqueles países onde aumentou o paro. Segundo Romer, estes países din estar a favor do cambio, pero non están dispostos a cambia-las súas estructuras económicas, laborais, etc. que o fagan posible; non están dispostos a facelas más flexibles para responder ós novos desafíos que impón a globalización, a mundialización da economía, a revolución da información e das novas tecnoloxías, a sociedade do coñecemento....

◆ GREGORY MANKIW (1958-)

Xefe de filas da nova escola keynesiana, este autor recoñece a importancia das políticas monetarias e orzamentarias do estado en relación coa actividade real, pero non preconiza a súa utilización máis ca no caso dunha fonda recesión. Denuncia a rixidez excesiva dos prezos e dos salarios, ós que culpa do paro e das disfuncións existentes no mercado.

◆ BRIAN ARTHUR

Arthur —profesor de Stanford, California— é o autor dunha teoría económica que contradí a dalgún dos principais gurús liberais: M. Friedman e G. Becker. Para estes economistas liberais, o mercado é capaz de autorregularse e sempre atopa unha solución de equilibrio. Calquera intervención do goberno na economía neste sentido non só é innecesaria, senón que é prejudicial. Arthur, fronte a estes autores, na súa teoría económica demostra que en sectores de rápido crecemento, como son o das tecnoloxías, o da comunicación..., non existe ningunha garantía de que o mercado seleccione por si mesmo os mellores productos e garanta a mellor solución para o consumidor. Pode suceder que determinados productos se imponan no mercado gracias a factores que pouco ou nada teñen que ver coa súa calidade. Entre estes factores pódense cita-los seguintes: terse instalado primeiro no mercado, ter unha posición dominante durante un longo tempo, etc.

Pódese verificar, tamén, que comercios pequenos e grandes, que empresas, logo de conseguir unha cota de mercado, unha renda de situación, de posición, polo producto que venden, polo servicio que dan, pola súa localización etc., unha vez conseguido certo beneficio, non se preocupan de mellora-la calidade do producto, do servicio, áinda que poderían facelo sen grandes esforzos e mellora-las súas prestacións. Renuncian a facelo por falta de espírito competitivo e emprendedor, pola inercia do negocio e porque a situación e a localización que teñen, as vantes adquiridas, lles procuran unhas ganancias que consideran máis que suficientes para eles e que o son en comparación con outras empresas e comercios do ramo peor situadas. A personalidade do empresario, do comerciante pode ser, polo tanto, esencial á hora de conseguir unha mellor ou peor calidade do producto, unha mellor ou peor calidade do servicio ofertado...

Mediante prácticas abusivas algunas empresas e grupos económicos poden establecer e imponer de feito condicións monopolistas, oligopolistas... Para evitá-lo, Arthur sinala que é necesaria a intervención do estado co fin de restablece-la libre competencia, a competencia con principios.

Segundo a Arthur, GARTH SALNER —profesor de Stanford— explicou unha teoría de xogos para demostrar que firmas poderosas poden explota-la peculiar natureza do negocio de alta tecnoloxía co fin de prexudica-los seus competidores.

A ámbolos dous autores encargóuselles un informe sobre as prácticas abusivas de Microsoft, non sobre a súa posición dominante no mercado (pois unha empresa pode imponerse no mercado en boa lide económica), senón sobre posibles malas mañas empresariais que poden prexudica-la libre competencia.

ENTREVISTA A TONY BLAIR, PRIMEIRO MINISTRO LABORISTA INGLÉS: "EUROPA DEBE CAMBIAR. AS SÚAS INSTITUCIÓN PERDEN MOITO TEMPO, O SEU PARO É MOI ELEVADO E NON FUNCIONA EN BENEFICIO DAS XENTES"

Blair concedeuelle esta entrevista a *Le Monde* (novembro de 1997) pouco tempo antes de ocupar la presidencia por quenda da Unión Europea durante o primeiro semestre de 1998, no que se poñerá en marcha a Unión Monetaria, antesala do euro —que se inaugurará en 1999—, proceso no que Inglaterra non se incorporou na súa primeira fase.

P.- O humor de Gran Bretaña cambiou moito. Actualmente parécenos más optimista. ¿Que responsabilidade ten a economía niso e cal é a súa?

Blair.- Un novo aire de optimismo sopra en Gran Bretaña. Nós sentímonos cómodos no lugar que actualmente ocupamos no mundo de hoxe e temos confianza no futuro. En parte débese ó feito de que cremos nos cambios necesarios que estamos facendo e que están convertendo a nosa economía nunha das más creativas do mundo, e ó feito de que chegara ó goberno unha nova xeración e, por último, a que temos claro cál é o noso papel internacional.

É fascinante comprobar que Gran Bretaña ocupa as primeiras posicíons en campos como os do deseño, as industrias creativas, a tecnoloxía. A nosa vella imaxe dos traxes raiados e do *bombín* foi substituída por unha imaxe máis dinámica, aberta e prospectiva. Estou orgulloso do pasado do meu país, pero non quero vivir no pasado.

P.- ¿É vostede un representante dunha nova maneira de facer política, dun novo tipo de político?

Blair.- *Necesitamos un tipo diferente de política. A loita ideolóxica entre "capitalismo" e "socialismo" que marcou o século XX está superada. Así como o modelo deses gobiernos que chegan ó poder cun programa que tratan de aplicar, de que marche, vaia ben ou vaia mal. O cal non quere dicir que o idealismo se acabara. Estou falando, tal vez, dunha política que supera as ideoloxías, pero non o idealismo.*

P.- ¿Iso quere dicir que vostede non tivo nin ten modelos en política?

Blair.- Ó contrario, creo que *a política de centro esquerda debe basearse en valores*. Hai dúas filosofías políticas, unha baseada no puro interese persoal estreito, mesquío, e outra baseada no *interese comunitario*. É a esta última á que eu me vinculo e os meus ídolos son Attlee, Lloyd George ou Keynes. Comparto os seus valores pero penso que *se a gran refundición do centro e do centro esquerda debe inspirarse en valores da nosa historia, á vez debe desembarazarse de estúpidas ideoloxías*. Os días da produción de masas pasaron: vivimos nun mercado moi competitivo. *O mellor medio de ser xusto coa xente reside en facelas aptas para o emprego.*

P.- ¿É esa a razón pola que vostede fai da educación a súa prioridade?

Blair.- *A educación é a forza liberadora de hoxe se queremos ser competitivos.* Nun mundo no que os capitais e as tecnoloxías son móbiles, a única maneira de ser competitivos baséase na intelixencia e nas competencias. Por iso digo que a educación representa a xustiza social na actualidade.

P.- Nas nosas sociedades hai un número cada vez máis grande de excluídos. Parécenos que vostede introduciu unha ruptura coas visións habituais da esquerda con relación ós excluídos. En Francia, continúase crendo en sistemas de asistencia; parécenos que vostede vai noutra dirección. ¿Como se pode loitar contra a pobreza dunha forma distinta que coa asistencia?

Blair.- *A nosa prioridade reside en erradica-la exclusión social, pero non polo aumento das axudas para mante-los excluídos sen emprego senón por animálos a traballar, a formarse.* Os que financian cos seus impostos a asistencia consideran que os dereitos e as responsabilidades van xuntos. Nos desbloqueamos 3.500 millóns de libras para poñer a traballar ós parados, sobre todo á xente nova e ás nais solteiras⁴³. Debemos transforma-lo sistema educativo dos nosos suburbios desfavo-

⁴³ N.T.: Un dos primeiros momentos amargos do primeiro ministro Blair deuse cando, seguindo esta política de tratar de evitar que os excluídos se convertesen permanentemente en tales por medio da asistencia, retirou axudas, asistencia ás nais solteiras, ós diminuídos, etc., o que deu lugar a que algúns membros do seu partido, mesmo do seu goberno e parlamentarios (máis de 40 votaron en contra), protestasen duramente contra este tipo de medidas.

recidos onde se desenvolve toda unha cultura da droga, da criminalidade, da inestabilidade laboral, do paro..., en fogares que deixaron de ser fogares.

P.- ¿Acaso non cre vostede que se dá lugar a un sistema moi autoritario cando o estado lle di a un rapaz parado: ou acepta vostede este traballo ou formación que se lle propón ou perde vostede a súa indemnización de paro?

Blair.- Non vexo "autoritario" dicirlle a un mozo sen traballo (e que se beneficia dunha axuda do estado)que lle imos dar unha formación de bo nivel ou un emprego no sector privado, con verdadeiras posibilidades de mellora. Neste caso, a sociedade ten todo o dereito de dicirlle que, a cambio dun servicio que lle rende o estado, ten obrigas. Por outra parte, a mocidade non está en contra. Non creo que, nunha sociedade moderna, se atopase un consenso para que os contribuíntes finançen estes servicios —formación, busca dun emprego ou axuda social ós parados— sen que a xente que se beneficia teña á súa vez que cumplir coas respectivas obrigas.

P.- ¿Trátase dun modelo diferente ó do goberno francés, que crea empregos no sector público para os xoves en paro?

Blair.- Non teño nada que comentar sobre o que fai o Goberno francés. Aplica un programa que elaborou prudentemente. *Pola nosa parte, nós fixémo-lo balance dos anos 80, do que tiveron de bo e de malo. O bo, aquí, foi un mercado de traballo más flexible, que fomenta os emprendedores e que favorece o desenvolvimento de empresas. O malo, o negativo, foi a indiferencia ante unha exclusión social crecente, a non actuación ante este fenómeno, a incapacidade para reforma-lo estado-providencia, o estado do benestar e para adaptalo sistema educativo que, ademais, se viu danado. Nós queremos mante-lo que funcionou —a flexibilidade do mercado de traballo— e corrixi-lo que non funcionou. É tan sinxelo como isto.*

P.- Vostede dirixe o goberno británico máis proeuropeo dende o de Edward Heath. Pero a súa opinión parece amplamente escéptica. ¿Ten vostede os medios e a vontade de cambia-la opinión dos británicos con respecto a Europa?

Blair.- Hai dúas cousas que non hai que confundir. Existe un sentimento anti europeo que desgraciadamente se impuxo no Partido Conservador ó que queremos poñerlle fin, pois este sentimento é errado e contrario ós intereses de Gran Bretaña. O noso interese é formar parte de Europa e ser nesta un actor dominante. A continuación, existe un sentimento que se refire á Unión Monetaria. É un feito que o ciclo económico británico non é o mesmo có de Francia ou o de Alemaña⁴⁴. Vostedes, os franceses, están na parte baixa do seu ciclo, da curva de "*reprise*"; nós estamos na parte alta, no cumo. Se hoxe tratasesemos de facer converxer brutalmente as nosas economías no seo da Unión Monetaria, isto non marcharía. Sostémo-lo principio dunha moeda única para un mercado único. Para que o euro mar-

⁴⁴ N.T.: Alemaña, en xaneiro de 1998, alcanzaba a súa cifra máxima de paro, o 12,6%, o que causou unha gran conmoción nese país. Khol declarou que non está disposto a substituí-la estabilidade adquirida polo marco, pola inestabilidade que pode trae-lo euro... Varios catedráticos de economía alemanes formularon no seu país un recurso de anticonstitucionalidade contra o euro.

che, é preciso que se dean as condicións económicas necesarias; este podería se-lo caso dun certo número de membros da Unión Europea que estarán no euro o primeiro de xaneiro de 1999, pero non será o caso doutros. Por iso nos dixemos: queremos formar parte dunha moeda única que triunfe; teremos unha actitude absolutamente constructiva para permiti-lo seu despegue; pero, con Gran Bretaña, debemos proceder con prudencia pois a nosa economía está máis ligada ó ciclo americano.

Hai outro factor importante. *Creo apaixonadamente nunha reforma de Europa. Esta non funciona actualmente en beneficio da xente. As súas institucións perden moito tempo; a súa taxa de paro é demasiado elevada.* Nós non creamos bastantes empregos, non estimulámo-lo suficiente as empresas e debemos aprender máis e mellor a cooperar, a traballar xuntos. Teño a intención de defender firmemente a causa do compromiso británico en Europa. Polo demais, é *importante que os responsables políticos que verdadeiramente se preocupan por Europa estean dispostos xa para efectua-los cambios necesarios co fin de que esta responda ben ó que deseja a xente, os cidadáns.*

P.- ¿Non teme vostede manter, alimenta-la sospeita que pesa constantemente sobre Gran Bretaña, calquera que sexa o seu goberno, de querer entrar en Europa para destruíla?

Blair.- Durante estes dous últimos decenios, tivemos gobernos completamente antieuropoeos. E, estes seis últimos anos, o goberno estivo totalmente paralizado polas súas divisións intestinas. Nós rompemos claramente con este pasado. Nós non vimos ningún obstáculo constitucional para que Gran Bretaña forme parte da Unión Económica Monetaria (UEM); debemos prepararnos dende agora para formar parte dela se é o noso desexo, para adherirmos a esa Unión dende as próximas eleccións. Trátase dun avance espectacular. Gran Bretaña deixará de estar atrasada.

Eu votei a favor do Mercado Común no referendo de 1975; batinme por cambia-la política europea do Partido Laborista. Son un membro da miña xeración. Vivín e traballei un pouco en Francia. Síntome na miña casa en Europa. Amo a Europa. Quero que Gran Bretaña forme parte de Europa. Penso que iso forma parte do noso destino. Penso que nunca debemos atoparnos nunha situación que dea lugar a que nos acusen de antieuropoeos por critica-la situación na que se atopa. *Europa debe cambiar. Se non o fai, teremos que fazer fronte a graves problemas. Non obstante, eu querería que Gran Bretaña presente esta posición dende un punto de vista pro-europeo más ca antieuropoeo.*

P.- Sobre asuntos como a flexibilidade do mercado do traballo, a desregularización, ¿vostede séntese máis próximo do chanceler Helmut Khol ca de Lionel Jospin?

Blair.- Non, eu non diría iso; diría que hai camiños diferentes. *Creo que todos podemos poñernos de acordo sobre o obxectivo da "empregabilidade": o feito de face-las persoas capaces para o emprego.* O que é importante é que haxa un mí-

nimo de regras comúns en materia de protección social, pero que non teñamos que facer fronte por máis tempo ás rixideces que lle impiden á economía funcionar. Insisto sobre a necesidade de medir ben ata qué punto o mundo do traballo de hoxe é moi diferente ó de onte. E que se transformará, aínda máis, no futuro. A tecnoloxía vai incidir moi directamente neste mundo nun sentido transformador, igual cá globalización dos intercambios. Moi probablemente, os meus nenos non serán empregados en grandes empresas. A xuventude británica máis emprendedora está creando as súas propias empresas. Haberá xente que traballará a domicilio, horarios diferentes...

Esteamos en Francia, en Alemaña, ou en Gran Bretaña, imos vivir nun mundo no que os cidadáns terán que se adaptar constantemente: cada país elixirá as súas propias respostas para levalo a cabo. O problema non reside en saber se eu penso que o goberno de Alemaña ou o de Francia deben facer isto ou o outro. *Quero insistir, unha vez máis, na miña opinión de que cada un atopará o seu camiño, pero podemos poñernos de acordo no desafío fundamental que temos ante nós: asegurarllles ós cidadáns as aptitudes para que poidan atopar emprego, facelos máis aptos para o emprego en lugar de volver á economía máis ríxida.*

P.- Gran Bretaña non entra no espacio Schengen⁴⁵. ¿Débese a que vostede pensa que non levamos unha política bastante estricta en materia de inmigración?

Blair.- Se queremos controlar por nós mesmos as nosas fronteiras, é sinxelamente debido a que Gran Bretaña é unha nación-illa. Vostede di que, coa aplicación do espacio Schengen, a xente séntese na súa casa en Europa, dun país ó outro. Déixeme dicirle que os británicos viaxan constantemente por Europa. Creo que sería un erro grave crer que a maioría da poboación británica é euroescéptica. Non o é. Non o somos. *Os británicos poden ter dúbidas sobre tal ou tal aspectos do funcionamento da Unión, como por exemplo a forma en que, ás veces, actúa a Comisión, peroimaxino que isto mesmo sucede noutros países da Unión Europea. A opinión pública, aquí no meu país, quere que Gran Bretaña sexa parte activa da construcción europea; pero quere tamén unha Europa que sexa seria, que estea concentrada no futuro.*

P.- As súas relacóns con Lionel Jospin parece que, ó principio, foron un pouco difíciles... Algúns laboristas consideraron ós socialistas franceses como "charramangueiros", "caducos", "pouco serios"... ¿Houbo unha tensión entre vostedes...?

Blair⁴⁶.- Non, en absoluto. Eu non estiven molesto con el nin cos outros. Eu admiro moito a Lionel Jospin. Creo que é un home intelixente, íntegro, e teño relacións moi cálidas con el e tamén, claro está, co seu presidente (Jacques Chirac).

⁴⁵ N.T.: Trátase dun acordo da Comunidade Europea que permite a libre circulación dos cidadáns polos seus países membros.

⁴⁶ Blair responde a esta cuestión en francés.

BLAIR, GIDDENS E A LONDON SCHOOL OF ECONOMICS

Segundo a revista americana *The New Yorker*, "a Londol School of Economics-LSE (dirixida polo sociólogo Anthony Giddens) foi invadida pola nova elite do New Labour" (de Anthony Blair).

Giddens, que antes de entrar na LSE era profesor na Universidade de Cambridge, foi cualificado pola revista *Prospect* como o "intelectual clave do New Labour" de Blair. Giddens foi o que lle propuxo a Blair que utilizase na campaña electoral como unha das súas imaxes de marca a de "*centro radical*". Di Giddens a propósito deste concepto: «O centro é radical porque é o único espacio político dende o cal se pode xera-lo apoio suficiente para toma-la iniciativa» ante o reto de «proporcionarlle a seguridade e a cohesión social a unha sociedade globalizada, sen fronteiras e con niveis crecientes de risco»; «*o reto require novas coordenadas políticas más alá da esquerda e da dereita*»; «hai quen pensa que Blair se limita a aplicar un neoliberalismo disfrazado. Non estou de acordo. Pretende valorar e debater sinceramente o impacto da globalización para actuar»; «*non sabemos cómo imos actuar. Non sei se existe un programa coherente para un partido que trata de conserva-los valores da esquerda adaptados a unha economía globalizada. Non hai modelo. A socialdemocracia logrou combate-los aspectos más corrosivos do mercado. Pero xa non é algo ó que poidamos aspirar. O neoliberalismo non creaba as institucións nin xeraba o apoio para crea-la seguridade. Ou sexa, esta é unha aventura. Trátase de establecer un novo equilibrio entre o risco e a seguridade e isto significa supera-lo estado do benestar. A reconversión dun sistema de respostas pasivas ó risco nun que inste á xente a tomar decisións activas de investimento nas súas vidas*»; «hai que darlle á xente os recursos tanto materiais como psicolóxicos para fazer fronte ós riscos. "Welfare to work"—a polémica política do New Labour de Blair consistente en poñer en marcha medidas activas no mercado de traballo para diagnosticar, incentivar e, en última instancia, forza-los parados a traballar—é un acerto. Hai que axudarlle á xente a actuar, non limitarse a coidala cando lle pasa unha desgracia».

Sobre a sanidade di Giddens: «a saúde é unha confrontación activa co risco. Agora todo o mundo debe ser consciente do que come, o que bebe, de cómo vive e da calidade do medio ambiente; trátase de cuestións esenciais e críticas para a saúde. Isto pode darnos unha idea do que pode ser un futuro sistema de sanidade: un sistema que lle axude á xente a reduci-lo risco, que sexa proactivo e non reactivo».

Sobre a pobreza: «Algo que me preocupa bastante do New Labour é que acepou ideas estadounidenses —as de Amitai Etzioni e os novos *comunitarians*— segundo as cales a pobreza é unha cuestión de responsabilidade moral e non un problema estructural. A pobreza e as desigualdades son os problemas máis inquietan

tes do noso tempo, e hai un conxunto de factores estructurais que os agravan»⁴⁷.

Sobre o debate en torno á familia e ós "valores familiares" di Giddens: «Con tanta xente na poboación activa é case imposible mante-la familia tradicional. En todo caso non é deseable. Por suposto, a súa desaparición xera problemas. Os homes e as mulleres non están afeitos a vivir con igualdade nin económica, nin afectiva, nin sexual. Pero é demasiado simplista cualifica-lo que está pasando en EE.UU e no Reino Unido como a desintegración da familia⁴⁸. Reflicte outras tendencias cara á democratización das relacións interpersoais e a emancipación da muller. E neste, coma noutros ámbitos, a liberdade e a democracia crean tensións».

Sobre Blair di Giddens: «Hai dous Blair. Por un lado, está o Tony Blair que ocupa o centro político. Quítalles espacio ós conservadores e substitúe a filosofía de esquerdas dos laboristas por outra moito más moderada. Pero hai outro Tony Blair que é moito más radical e que se interesa con sinceridade polo terreo que está más alá da esquerda e da dereita. Explora o que significa ser un *modernizador radical* que está preocupado pola xustiza social e a igualdade pero que ten en conta os límites que lle impón ó estado a economía global».

Sobre a morte de Lady Diana, di Giddens: «Lin as mensaxes que a xente deixou entre as flores trala súa morte e produciume un grande impacto a súa diversidade. Houbo mensaxes feministas e outras de contido social, sobre os pobres e os excluídos. Pero a maioría trataban do seu romance con Dodi. Diana reconciliaba algúns das contradiccións do mundo, integrándoas, como dixo Lévy Strauss, nunha especie de mito; "jet set" fronte a pobreza; a princesa fermosa e a rapaza anoréxica; da familia real pero do pobo; local e global á vez. A xente sabía máis sobre Diana cós seus propios amigos; aglutinaba unha narrativa na que estamos todos

⁴⁷ N.T.: O problema en Gran Bretaña e no resto dos países é cómo facerlle fronte á pobreza, como incentiva-los vellos e os novos pobres para combatela. Ademais da constatación estructural, ¿que hai que facer para que o pobre vello e novo deixe de selo, para que abandone a marxinación, para que non se instale na pobreza, na exclusión, no asistencialismo...?; ¿que hai que facer para combate-los "factores estructurais" que xeran, mantéñen e reproducen a pobreza?

⁴⁸ N.T.: Nos EE.UU., en Gran Bretaña... estase dando un gran debate sobre o que cualifican como "a perda dos valores familiares", da "tradición familiar"; á que culpan de tódolos males, dos problemas sociais, da violencia social, da drogadicción, do aumento da delincuencia xuvenil, adolescente e, incluso, do aumento do paro. Hai autores, como Fukuyama, que chegan ó extremo de escribir un libro para dicir que a violencia social que hai nos EE.UU, que é un dos problemas que máis preocúpan ós ciadáns, se debe á perda da familia tradicional, dos valores familiares, que garantía e defendía a muller no fogar coidando e educando os fillos; e isto perdeuse ó incorporarse esta ó traballo, ó querer equipararse no eido laboral ó home, competir con este, ser autónoma, vivi-la súa vida...

Clinton baseou a súa última campaña presidencial na defensa dos valores familiares americanos e a súa dona Hilary, para poñerse a ton coa forte campaña de *marketing* desencadeada polo seu equipo electoral, deixou o seu papel de muller activa, de profesional independente e con ambicións políticas, para dar unha imaxe de muller moi máis tradicional, ó gusto do americano medio, do votante centrista. Este, nos EE.UU, pola influencia da maioría moral, inclinouse cara a uns valores moi conservadores, puritanos, moi influídos polas relixións dominantes máis integristas, fundamentalistas...), claro que unha cousa é a ideoloxía proclamada do presidente Clinton no ámbito da economía, da vida familiar e sexual... e outra cousa é a práctica real, que pode ser moi diferente da ideoloxía, da sexualidade... proclamadas.

involucrados. Por iso choraron. A sociedade moderna non nos proporciona moitos bens emocionais. Creo que hai un fondo dolor debaixo de todo»⁴⁹.

⁴⁹ N.T.: Coa morte de Lady Diana, Blair alcanzou unha das maiores cotas de popularidade, ó saír axiña á palestra para estar xunto ós ingleses fondamente impresionados e afectados pola morte desta "fráxil icona mediática" que aprendeu con gran risco a xogar cos seus poderes, coas súas bazas mediáticas; deste espectacular "mito social", a máis cotizada no mercado internacional das figuras público-mediáticas.

Os asesores principais de Blair, como pon de manifesto Giddens, analizan todos aqueles fenómenos, todos aqueles campos con repercusión pública, política, cotiá. Analizan, neste sentido, os bens materiais e inmateriais, os económicos e os simbólicos, os emocionais, os representativos, os mediáticos, os multitudinarios ("mob goods")... e o seu xogo socioeconómico, político-electoral, vivencial-comunicativo...

O día que morreu Lady Diana, un dos principais asesores ("spin-doctor") de Blair chamouno e díxolle:

— Primeiro ministro, ten vostede que saír inmediatamente nos medios de comunicación e conectar coa fonda emoción que está vivindo e manifestando o pobo inglés... Debe vostede tranquilizalos, facerelles ver e sentir que o primeiro ministro sabe estar xunto a eles cando o requiren as circunstancias... Facerelles ver e sentir que sabe dicirles as palabras xustas e actuar con humanidade, especialmente nos momentos más difíciles.

— Mans á obra, prepárenme un borrador analizando os posibles escenarios, as hipótese en xogo...

— Primeiro ministro, ¿cal foi o slogan co que gañamos maioritariamente as eleccións xerais?

— "New Labour: Partido do Pobo". ¿A que vén esta pregunta?, ¿que ten que ver coa fatídica e desgraciada morte da nosa princesa...?

— Primeiro ministro fáelleles ó corazón, coas palabras xustas, integradoras, federativas... Valore a emoción, o que supón a morte da princesa para o pobo... E, polo tanto, utilice no texto que vai facer público, que vai ler ante os medios de comunicación do mundo, a expresión "Princesa do Pobo" para referirse a Lady Diana...

Como é sabido, a intervención de Blair supuxolle un grande éxito inglés e internacional, foi moi valorada e a expresión "Princesa do Pobo" causou un grande impacto mundial...

Sobre Giddens dixo a prestixiosa revista americana *The New Yorker* (setembro do 97): «A obra de Giddens axudou a defini-lo contexto teórico de moitas reformas que se debaten no Reino Unido nestes momentos». *The Sunday Times* bromiou: «Cada vez que se acusa a Blair de pecar de vacuidade intelectual, este cita a Giddens, dicindo "é o tipo que pensa coma min"». Giddens, de 59 años, é unha verdadeira potencia intelectual. Segundo Richard Sennett, da Universidade de Nova York, «Giddens sinxelamente é o filósofo social inglés más importante do noso tempo». Xa se escribiron doce libros sobre a súa obra e Routledge acaba de publicar catro volumes de valoracións críticas sobre o seu pensamento, un honor outorgado no pasado a Max Weber, Emile Durkheim e Michel Foucault... A súa redefinición do estado de benestar ten críticos dentro e fóra do Partido Laborista. Hai quen pensa que «a súa filosofía é unha tapadeira intelectual detrás da que se esconde un programa conservador». *The New Statesman* publicou unha entrevista de Giddens co grande especulador financeiro mundial Georges Soros, en outubro de 1997. *International Sociology*, vol. 13, núm. 1, (marzo, 1998), inclue o artigo "Portrait: The Transition to Late Modern Society: A Conversation with Anthony Giddens", de Rita Caccamo, pp. 117-134.